REVISTA DE CIENCIA E TECNOLOXÍA DE GALICIA

Código Cero

www.codigocero.com

Nº99|Ano 2011

Semana da Ciencia

Investigadores ao alcance da man

NOITE DA ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA

Crónica dunha celebración máis que especial

PROXECTO NACCE

Portugal e Galicia unen forzas

GARANTINDO A EFICACIA

Rede galega de emerxencias

GADGETS DE MODA

Repasamos os últimos trebellos tecnolóxicos chegados ao mercado

PROXECTO eDepo: A administración nun *click*

BLU:SENS
LA GRAN MARCA ESPAÑOLA DE TECNOLOGÍA

BLU:SENS WEB TV
VIVO y LIBRE!

Equipo

DIRECTOR_
Xosé Mª Fernández Pazos_director@codigocero.com
SUBDIRECTOR_
Marcus Fernández_webmaster@codigocero.com
SOCIO FUNDADOR_
Carlos Ballesteros_c.ballesteros@codigocero.com
REDACTOR XEFE_
Fernando Sarasqueta_redaccion@codigocero.com
FOTOGRAFÍA_
Adolfo Enríquez Calo • Joferpa
REDACCIÓN_
Manolo Gago (Opinión)
Raquel Noya (Reportaxes)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Sevi Martínez (Xogos)
Diego Rosales (Linux)
SUPERVISIÓN_LINGÜÍSTICA_
María Xesús Vázquez
DESEÑO_GRÁFICO_e_maquetación_
Grupo Código Cero Comunicación
Raquel Noya _ publicidade@codigocero.com
Óscar Louzán_publicidade@codigocero.com
IMPRIME_
Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Tel.: 902 905 024 - torculo@torculo.com
EDITA_
Grupo Código Cero Comunicación S.L.
Conxo de Arriba nº 49, 1º C
15706 Santiago de Compostela
Tel.-fax: 981 530 268
http://www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com
Número 99
Publicación periódica. Prezo 2€
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (Edición dixital): 1579-7554

O Grupo Código Cero S. L. reserva para si mesmo tódolos dereitos como autor colectivo desta publicación ao abeiro dos artigos 8 e 32.1 da Lei de Propiedade Intelectual. Quedan expresamente prohibidas a reprodución, distribución e máis a comunicación pública da totalidade ou parte dos contidos desta publicación con fins comerciais, en calquera soporte ou por calquera medio técnico sen autorización da editorial.

Neste número...

Hai moitas cousas que dicir arredor das novas tecnoloxías. En boa medida, tanto as propias ferramentas tecnolóxico-dixitais como a modernización dun país fanse falando e debatendo, asentando as bases de futuras colaboracións. Superado o formato expositivo de innovación e demais cousas (eses espazos de mostra onde se amosaban, sen máis, todo tipo de servizos e recursos e a título individual), imponse outra cousa: unha cousa que semella nova (isto de cooperar, participar, traballar en rede) pero que vén de antigo. Cando nos poñemos a memorizar termos como *networking*, por ser novos, é probábel que esteamos simplemente recordando ou recuperando conceptos. Fai falta cooperación a tódolos niveis, entre empresas e empresas, entre institucións e institucións e empresas, entre usuarios, e non só por mor da crise, senón porque así o esixen as novas regras do xogo. Chegado a este punto, é ben probábel que o lector precise de exemplos prácticos que boten luz sobre o exposto. Neste número 99 de Código Cero hai uns cantos casos moi salientábeis disto que estamos a nomear. Por exemplo o Proxecto Nacce, posto en marcha por entidades como a Xunta e AGESTIC para fomentar o traballo común entre Galicia e no Norte de Portugal no obxectivo de fortalecer o sector TIC. Ou, da man do CPEIG, todo o relativo á Noite da Enxeñaría de Informática, da que ofrecemos un máis que completo resumo e que serviu, entre outras cousas, para que os propios profesionais das TIC da nosa terra tivesen oportunidade de salientar os traballos ben feitos en materia TIC. Xa nun plano distinto, tamén falamos nestas páxinas da Semana da Ciencia galega, celebración que empraza aos nosos investigadores organizando todo tipo de actividades arredor dunha causa común: divulgar, formar, falar, debater e mover coñecemento.

O humor de Henrique Neira

SUMARIO 99

NOVAS

4 Resumo de actualidade de comercio electrónico e de empresas TIC

REPORTAXES

6 Proxecto eDepo: a administración electrónica nun click
8 Crónica do acontecido na nova edición da Noite da Enxeñaría en Informática
10 Modernización presente a rede galega de emerxencias
12 Novas accións para promover o galego a través das canles innovadoras
13 Presentado en Ourense o Proxecto NACCE
14 Falamos con José María López Bourio, un dos promotores do Proxecto NACCE
20 O libro galego sobre sistemas de información xa chegou a 50 universidades
21 Telefónica presenta a súa nova estratexia máis encamiñada ao aforro do cliente
22 Nova web galega sobre turismo: sientegalicia.com.
23 Entrevistamos a Juan Pablo Villa Casal, un dos relatores do foro GTSport
24 Escolmamos o máis representativo da nova tempada da relación galego-Rede
26 Repasamos o máis salientábel da nosa innovación recente
28 Crónica do Foro Unirede

SEMANA DA CIENCIA

16 Todo listo para unha nova edición da feira de talentos novos Galiciencia
18 Damos conta dalgunhas das accións para conmemorar a ciencia na nosa terra

GADGETS

29 Escolmamos os trebellos tecnolóxicos do mes que máis nos chamaron a atención

XOGOS

30 Repasamos o máis destacábel da tempada en materia de consolas e videoxogos



Ideas a prol dun panorama informativo máis xusto coas diversidades funcionais

Os días que vimos de deixar atrás tratáronse na nosa terra unha serie de cuestións de gran interese para o noso desenvolvemento en materia de comunicación e información e para asegurarlle a ese desenvolvemento o alicerce máis igualitario e xusto posíbel. Estamos a falar da xornada sobre O tratamento da discapacidade nos medios de comunicación, organizada pola Xunta de Galicia en colaboración do Comité de Entidades Representantes de persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI-Galicia). O seminario desenvolveuse en Santiago, no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, onde se deron cita representantes da nosa vida pública, dos medios de comunicación, de diversas entidades sociais sen arela de lucro e do eido da investigación e a innovación.

Amais das intervencións propiamente ditas dos relatores participantes, o encontro deu acubillo á presentación en formato de lectura doada e en braille dunha Guía de Boas Prácticas destinada a afianzar no eido xornalístico (tradicional, dixital ou mestura de ambos) un tratamento máis xusto, máis igualitario e máis solidario da información, fomentándose o compromiso coas persoas con diversidades funcionais. Na xornada participaron, entre outros, o secretario xeral de Medios, Alfonso Cabaleiro, o presidente de CERMI-Galicia, Anxo Queiruga, ou o xornalista Juan Antonio Ledesma. Polo que se refire ao secretario xeral, dicir que aproveitou a ocasión para instar aos medios de comunicación a prestar atención ao "tratamento informativo, ás pautas de estilo e á linguaxe que empregamos sobre a discapacidade, posto que, debido ao seu impacto social, poden ser efectivos instrumentos da conciencia colectiva necesaria para lograr a integración social e laboral".

A Cátedra Telefónica da UPM ofrece un curso de balde sobre unha profesión de futuro: o social media manager

A Cátedra Telefónica Sostenibilidade en Comunicacións Móbiles da Universidade Politécnica de Madrid organiza un curso de balde, a distancia (e-learning), para favorecer o coñecemento na potencialidade empresarial das redes sociais. A actividade, que se dirixe aos traballadores de pequenas e medianas empresas e os autónomos, ten 350 horas de duración, insírese no Plan Avanza 2 e comeza en xaneiro de 2011. Os seus obxectivos son, como dixemos, amosar as vantaxes das redes sociais no contexto empresarial da actualidade (a través da participación e a comunicación) e máis adaptar as estratexias empresariais previas aos cambios que producen, precisamente, as redes sociais. Tamén se exporán novas oportunidades de negocio e definir o perfil dun novo profesional xurdido ao abeiro das devanditas novidades: o social media manager.

A metodoloxía do curso é, como se dixo, o e-learning titorizado. Neste senso, "un equipo académico integral, formado sobre todo por titores especialistas na materia, coordinadores académicos e administradores encargaranse de resolver dúbidas, dinamizar o curso e realizar un seguimento individualizado de cada alumno", informan fontes da Cátedra. O enfoque da actividade será práctico, co estudante combinando diferentes recursos didácticos e co apoio de ferramentas de comunicación en liña que favorezan a participación activa e a interacción continua co resto dos participantes. Os eixes temáticos do programa son a web social e a estratexia empresarial, a nova profesión do social media manager, o social media plan, o social media marketing, a publicidade e a comunicación en liña, a relación entre a empresa e as redes sociais, as comunicación virtuais, os blogs, os social media metrics e o posicionamento en buscadores. Os requisitos que se esixen para formalizar a inscrición, que se pode levar a cabo na web da Cátedra, son os seguintes: que sexamos traballadores e/ou autónomos e residentes en España. Haberá prazas limitadas por comunidades autónomas: Andalucía, Castela A Mancha, Castela e León, Estremadura, Galicia e Madrid.

Elixen a Gerardo Crespo como novo presidente do Cluster TIC Galicia

A comezos de novembro a Asemblea Xeral Extraordinaria do Cluster TIC Galicia que tivo lugar en Compostela elixiu a Gerardo Crespo Riestra (Grupo Azetanet) como presidente da entidade, sucedendo a Rafael Valcarce Baiget (Arteixo Telecom), o que marca unha nova etapa no Cluster TIC, sinalando o novo presidente que iniciará de inmediato un ciclo de conversas con todos e cada un dos membros da entidade, e insistiu en que será un presidente dialogante que respectará as diversas "idiosincrasias e personalidades" que se dan no Clustar".

Crespo tamén quixo destacar que o obxectivo do Cluster TIC Galicia é "que Galicia teña un sector TIC forte e capaz de tirar da economía do país" xa que "o noso sector debe ser protagonista, xa que é o maior referente de valor engadido e innovación".

Na Asemblea tamén constituíuse un novo Comité Estratéxico, integrando polos seguintes membros:

Enrique de Miguel Ilarri (2MARES DEMIL, S.L.)
Margarita Ordoñez Novo (GECRERI, S.L. -AZETANET-)
Cesar Blanco Gomez (ACADEMIA POSTAL 3 VIGO, S.L.
José Antonio Román Jiménez (SIVSA SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.A.U.)
Alejandro Morán Marco (EVERIS SPAIN, S.L.)
Antonio Rodríguez del Corral (R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.)
Gerardo José García Alvela (SISTEMAS AUDIOVISUALES ITELSIS, S.L.)
José Álvarez Dafonte (FEMXA FORMACIÓN, S.L.)
José Manuel Otero López (DISASHOP, S.L. -DISA CONSULTING-)
Juan Marín Cruzado (MATCHMIND.S.L.U. -TELVENT-)
Santiago Cárdenas Botas (TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGÍA, S.A.)
Jorge Cebreiros Arce (INEO)
Ramón María Lois Santos (AMETIC)
Jesús Rodríguez Castro (COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARIA EN INFORMATICA DE GALICIA)
Ricardo Fernández Fernández (COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS DE TELECOMUNICACIÓN GALICIA)

A Deputación de Pontevedra presenta entre os seus funcionarios e técnicos o proxecto eDepo

O presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán, xunto co xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, Amancio Varela, presentáronlles aos funcionarios e técnicos da institución provincial as fases, os obxectivos, as aplicacións e a repercusión potencial do proxecto eDepo, a administración nun "CLICK", unha iniciativa dirixida a modernizar con diversas actuacións tecnolóxico-dixitais a entidade e máis aos concellos da provincia. O proxecto, que ten un investimento de máis de 4 millóns de euros, deuse a coñecer nunha xuntanza de traballo que tivo lugar no salón de plenos da Deputación. O encontro, como dixemos, serviu para detallar os obxectivos e o alcance do proxecto, amais das fases de desenvolvemento que inclúe. Fases que, unha vez despregadas e segundo fai saber o órgano provincial, posibilitarán unha "redución importante de custos no mantemento da infraestrutura hardware e a definitiva eliminación do papel na institución provincial". Amais disto, engade a Deputación, estenderase a administración electrónica a tódolos cidadáns e concellos da provincia, establecerase unha metodoloxía única para facilitar a comunicación e interacción entre todas as institucións públicas e posibilitarase que tódolos cidadáns accedan a fontes dixitalizadas, administrativas e culturas do devandito órgano provincial galego.

eDepo permitirá dispoñer dun catálogo centralizado de procedementos e servizos que permitirán uniformizar a oferta de servizos electrónicos á cidadanía.

Amancio Varela e os técnicos do servizo de Novas Tecnoloxías e da empresa adxudicataria (Tecnocom), explicaron que se "simplificarán os procedementos administrativos da Deputación, que se desenvolverán novos portais web para a Deputación e os seus organismos autónomos, e que se creará un centro de coñecemento para a consultar o patrimonio documental, gráfico e audiovisual do Arquivo Provincial e dos concellos da provincia". Co proxecto eDepo, no que xa se está a traballar, preténdese dar cumprimento á Lei 11/2007, culminando a súa definitiva implantación ao longo do vindeiro ano 2012.

Blusens, presente no salón Broadcast

O IFEMA (Madrid) acolleu recentemente o Salón Profesional Internacional da Tecnoloxía Audiovisual, Broadcast It!, onde estivo presente Blusens a través do expositor de Hispasat, grazas a que a compañía galega de electrónica de consumo está a colaborar no proxecto SATURNO, financiado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio dentro do Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2008-2011 e o Fondo de Desenvolvemento Rexional FEDER.

O proxecto SATURNO (SATellite Universal tv Redistribution NetwOrk) busca desenvolver dispositivos e sistemas para o fogar dixital que permitan aproveitar ao máximo as capacidades de distribución de contidos e servizos multimedia das plataformas de difusión vías satélite actuais e futuras, así como facilitar o acceso a través de diferentes dispositivos multimedia existentes no fogar (de aí que Blusens achegarse ao proxecto o seu produto estrela, o web:tv).

Patrocinadores Ouro altia Consultores · pahia · BULL · everis · hp · PLEXUS · Telefónica · XUNTA DE GALICIA

Patrocinadores Prata CONCELLO DE SANTIAGO

Patrocinadores Bronce coremain · El Corte Inglés · retegal · Tecnocom · treelogic · "la Caixa"

eDepo, a administr

Unha das principais responsabilidades da Deputación de Pontevedra é a de fomentar o uso das novas tecnoloxías, tanto dentro da propia Deputación como nos concellos da provincia, así como dar o soporte necesario a estes no emprego das mesmas. Co obxectivo de prestar un servizo de calidade neste ámbito, a Deputación está mergullada nun importante proceso de modernización TIC, iniciado no ano 2008 co proxecto Repoblar, vivas onde vivas, sempre conectados. Este proxecto, que achega a conexión a internet por banda larga a todos os cidadáns da provincia, concibiuse como unha autoestrada pola que comezarán a circular novos servizos e iniciativas que melloran a calidade de vida dos cidadáns e que se enmarcan nas accións incluídas no proxecto ***eDepo, a administración nun "CLICK"***.

Este proxecto xorde cunha vocación de servizo cara:

- **Ós cidadáns**: pon á súa disposición a administración electrónica e consegue así unha administración máis próxima, máis eficaz e moito máis áxil.
- **Ás empresas**: para impulsar os trámites en liña que minimicen os seus custos e reduzan as barreiras burocráticas para favorecer o desenvolvemento económico.
- **Ós concellos**: para que poidan utilizar as infraestruturas hardware e software incluídas no proxecto eDepo baixo o modelo de servizo depoCloud, que lles permitirá prestarlles os servizos de administración electrónica ós cidadáns.
- **Ós traballadores da propia Deputación de Pontevedra**: para mellorar o funcionamento desta institución co uso das novas tecnoloxías, e así incrementar a eficacia dos procesos administrativos, ofrecendo un servizo público máis rápido, accesible, transparente e, sobre todo, de calidade.

Coa posta en marcha deste proxecto, a Deputación de Pontevedra proponse unha serie de obxectivos como son:

- Dotar a Deputación dunha **infraestrutura hardware e software** que lle permita converterse no provedor de servizos telemáticos dos diferentes concellos da provincia de forma centralizada (depoCloud). A implantación deste modelo conta con innumerables vantaxes de aproveitamento de infraestruturas, reemprego de compoñentes software, compartimento de políticas de seguridade da información, etc. coa conseguinte redución de custes.
- **Compartir a información** entre os diferentes sistemas e organismos (Deputación Provincial e concellos), conseguir que exista o "dato único" e dotar ós diferentes sistemas dos mecanismos que garantan a interoperabilidade entre eles.
- **Fomentar o desenvolvemento da administración electrónica** e xerar a confianza no cidadán que permita o achegamento deste á eAdministración garantindo a fiabilidade e seguridade dos servizos telemáticos da Deputación e os concellos.
- **Conseguir a modernización administrativa** tanto da Deputación de Pontevedra como dos concellos da provincia co obxectivo de mellorar a atención ó cidadán.
- **Cumprir a Lei estatal** 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos. Esta Lei pretende regular todos os aspectos relacionados co procedemento administrativo, para permitir que se leve a cabo nun contexto electrónico.
- **Simplificación e normalización dos procedementos administrativos**, para aproveitar as sinerxías que se xeran nun proxecto desta envergadura. O primeiro paso consistirá nunha consultaría e catalogación deste procedementos. Logo, unha vez analizados e racionalizados, os procedementos poranse disposición do persoal da Deputación e os concellos da provincia, con novas ferramentas e servizos.
- **Minimizar ou eliminar o uso de papel**, o que permitirá unha redución gradual do espazo de almacenamento, mantemento e traslados de documentación.
- **Adaptación ó esquema nacional de interoperabilidade**, que regula os criterios e recomendacións en materia de seguridade, conservación e normalización. O obxectivo máis salientable consiste en dispor de capacidade de integración con outras administracións.
- **Asegurar un funcionamento constante no tempo.** Para isto construirase unha plataforma escalable, que permitirá a adaptación a un contorno cambiante, que simplifique incorporar solucións a necesidades futuras.
- **Despregar unha estratexia web interna corporativa**, coa Intranet Institucional con novos e mellorados servizos e ferramentas para o funcionario e unha **estratexia web externa** para renovar o portal institucional e o dos organismos autónomos, así como para aloxar as sedes electrónicas da Deputación e dos concellos.
- **Dispor dun Centro de Coñecemento**, dotado de infraestruturas de almacenaxe e dispoñibilidade de servizo, que permitirá dixitalizar os fondos documentais e audiovisuais do Arquivo Provincial e dos concellos para a explotación dos mesmos.

Para a consecución dos obxectivos, a Deputación acomete tres iniciativas fundamentais:

- **Construír un novo centro** de proceso de datos co seu centro de apoio.
- **Achegar e pór en marcha unha multiplataforma** de e-servizos e de portais webs.
- **Crear un centro de coñecemento** para dixitalizar o fondo documental, gráfico, sonoro e audiovisual do Arquivo Provincial e dos concellos da provincia.

Entre as tres iniciativas comentadas, a de **subministrar e poñer en marcha unha multiplataforma de e-servizos e de portais web** constitúe a parte central do proxecto, para a tramitación interna e prestación de servizos tanto da Deputación, como dos concellos da provincia. Dada a especial relevancia, a continuación faise unha descrición pormenorizada dos seus principais compoñentes.

ación nun "CLICK"

Multiplataforma de e-servizos e de portais web

A posta en marcha da dita multiplataforma de e-servizos e portais web, adxudicada a empresa Tecnocom, abrangue a definición e construción dun conxunto de módulos:

•Plataforma de Xestión de Expedientes. Permitiralles á Deputación e aos concellos da provincia informatizar e automatizar os seus procedementos administrativos. Dentro desta plataforma inclúese a implantación dun servizo de parametrización e posta en marcha da plataforma de xestión de expedientes, así como o acceso a servizos comúns telemáticos da AGE (pasarela de pagos, notificacións electrónicas, firma electrónica, selado de tempos, etc.) e tamén o acceso por parte da cidadanía a estes expedientes, a través da posta en marcha da sede electrónica da Deputación e dos concellos.

•Módulo de licitación electrónica. Módulo integrado coa xestión de expedientes que contempla o desenvolvemento dun sistema web de licitación electrónica que permita a xestión integral e 100% electrónica de todo o proceso de contratación da entidade.

•Sistema de Factura Electrónica. Este sistema, integrado coa aplicación de xestión de expedientes e a aplicación económico-financeira da entidade, contempla o desenvolvemento dun sistema web de facturación electrónica. Segue os estándares homologados pola AEAT. e permite asinar de maneira electrónica as facturas desde o portal da entidade, a posibilidade de introdución manual de facturas dende o Portal (para o caso das presentadas en formato papel), a visualización das últimas facturas electrónicas enviadas á entidade e a consulta do estado administrativo no que se atopan as facturas.

•Servizo de xestión e publicación do Boletín Oficial da Provincia, ferramenta que permita a xestión integramente electrónica do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). Dentro deste servizo contémplase incorporar anuncios de forma telemática a través do portal web orientado ao publicador; a xestión administrativa das solicitudes coa integración do sistema de xestión de expedientes; dotar á entidade e ó BOPPO de ferramentas de soporte para a súa maquetación e posterior publicación; poder realizar subscricións temáticas ó boletín; publicación automatizada do boletín no portal web do BOPPO; sistema de busca de anuncios, etc.

•Ferramentas orientadas a Dirección:

-Cadro de mando de xestión. Sistema web que apoie a toma de decisións e facilite o seguimento de indicadores de xestión e tramitación de expedientes.

-Aplicación interactiva para xuntas. Aplicación orientada a axilizar a aprobación e evolución de expedientes na orde executiva que permita a xestión e despacho de asuntos asociados ós plenos e comisións de goberno. Este aplicativo estará dispoñible a través dunha aplicación web interactiva manipulable por interface táctil.

•Módulo de Compulsa e Cotexo electrónico. Posta en marcha dunha plataforma de cotexo electrónico que implante mecanismos de protección contra falsificación dos documentos que emita a Deputación.

•Plataforma de Xestión de Portais e Contidos. Porase en marcha unha plataforma tecnolóxica sobre a que se desenvolverá o novo portal institucional, intranet da Deputación, así como portais dos organismos autónomos desta entidade. A posta en marcha de dita plataforma, permitirá manter unha liña base no que respecta a deseños gráficos, arquitectura e aproveitamento de contidos de todas as iniciativas web e intranet a levar a cabo.

•Plataforma de Xestión Documental Corporativa, con esta ferramenta, a Deputación cubrirá as necesidades de almacenamento e clasificación de documentos da entidade e dos concellos, obxectivo de todos los procesos internos e externos que poidan xerar documentación en formato dixital.

Situación actual

O subministro e posta en marcha da dita multiplataforma atópase en proceso de desenvolvemento e implantación. Nun proxecto desta envergadura, con importantes dependencias entre os diferentes módulos que o integran, a organización do proceso de definición e implantación dos mesmos resulta especialmente relevante.

Tendo en conta o devandito, faise un repaso do estado dos compoñentes desta parte de eDepo:

•A plataforma de xestión de expedientes, xa implantada e con todos os procedementos de solicitude de subvencións e os asociados cos procesos de contratación da Deputación en funcionamento. O resto de procedementos están a ser analizados dentro do proceso de consultaría previo á súa implantación.

•A plataforma de xestión de portais xa está en funcionamento. Estase a definir na actualidade a liña gráfica e a organización e tipificación de contidos dos diferentes portais, tanto internos comp externos, a implantar sobre a mesma.

•A ferramenta de xestión documental atópase en proceso de implantación na actualidade. Tamén se está a definir o mapa de todos os recursos documentais a incluír na nela.

•Os módulos de licitación e facturación electrónica, as ferramentas de dirección, o módulo de compulsa e cotexo electrónico e o servizo de xestión e publicación do BOPPO electrónico están en fase de análise na actualidade.

Máis información en www.cpeig.org

Aposta TIC para sairmos da crise

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, presidiu a Noite da Enxeñaría en Informática que organizou o CPEIG

Redacción

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) celebrou o pasado 28 de outubro o seu encontro anual, a Noite da Enxeñaría en Informática, que serve de punto de encontro de colexiados, membros do sector TIC, representantes das distintas Administracións e do eido académico. O obxectivo deste evento, que reuniu a máis de 200 persoas no Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela, foi o de reivindicar a profesión informática, amais de fomentar o coñecemento e innovación, na nosa terra, arredor da materia prima dixital.

Fernando Suárez Lorenzo, presidente do CPEIG, recibiu aos convidados, aos que dirixiu unha palabras de benvida, nas que non esqueceu a recentes perdas humanas no sector: "Perdemos a Jobs, Ritchie e McCarthy. Steve Jobs, cofundador e presidente de Apple; Dennis Ritchie, creador da linguaxe C, fundamental para o actual sistema operativo Linux; e John McCarthy, pai do concepto de intelixencia artificial, son tres homes que pasaran á historia da informática e á historia universal".

Pero Suárez tamén quixo destacar que "malia á crise, o sector TIC apostou pola innovación como medio para saír dela. No contexto actual de incertezas económicas, o que ninguén dubida e da necesidade de mellora da competitividade como medio fundamental para despexar as néboas que nos atenazan. Todos coincidimos no papel primordial das TIC para darnos luz no camiño cara á mellora económica de Galicia e de España".

A este encontro acudiron o alcalde de Santiago de Compostela, Gerardo Conde Roa; o conselleiro de Educación, Jesús Vázquez; os reitores da USC e da UDC, Juan Casares e José María Barja; a secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, Mar Pereira; e mesmo o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo; deixando constancia a importancia que se lle dá ao traballo que desenvolven os enxeñeiros en informática na sociedade actual.

Premiados

A Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia incluíu a entrega dos premios anuais do colexio, cos seguintes galardoados:

• **Premio Proxecto Fin de Carreira:** Daniel Fernández Núñez. O gañador, natural do Barco de Valdeorras, impúxose grazas ao seu traballo Deseño e Implementación dun MOM Escalable en Java para Aplicacións Financeiras. Daniel Fernández Núñez, formado na UDC, acadou a máxima cualificación, un 10, na convocatoria de setembro de 2011. O traballo premiado está a ser obxecto dun proxecto de valorización comercial e transferencia de tecnoloxía a nivel internacional nun ámbito no que este tipo de proxectos se valora en máis de un millón de euros, "o que pon de manifesto a madureza e a proximidade ao mercado desta solución", segundo destaca o premiado.

O gañador do *Premio Proxecto Fin de Carreira*, Daniel Fernández Núñez

Discurso do presidente do CPEIG, Fernando Suárez, durante a gala

Carlos Ballesteros, socio fundador de Código Cero, foi o encargado de recoller o Premio Comunicación Informática

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, deixou constancia da importancia destes premios no seu discurso

• Premio Comunicación Informática: Código Cero. Valorouse a proposta desta revista e da web do mesmo nome, codigocero.com, polo seu "intenso e rigoroso labor informativo a prol do sector TIC e da Enxeñaría en Informática en concreto", segundo fixo saber o xurado. Recibiu o premio o subdirector deste medio dende o que se escribe, Carlos Ballesteros, quen tivo fondas palabras de agradecemento aos membros do colexio profesional galego. Por certo que en breve a revista Código Cero celebrará o seu décimo aniversario: dez anos de vida na rúa e no dixital, todo un reto nestes tempos.

• Premio á Facultade de Informática da Coruña polo seu 25 aniversario. Recolleu o galardón o seu decano, Alberto Valderruten. A Facultade, con preto de 2.000 alumnos, é un dos centros con maior número de estudantes da Universidade da Coruña, e, segundo afirman dende o seu seo, "é o centro de referencia en Galicia en estudos informáticos universitarios". Asemade, dende este curso (coincidente cos 25 anos) imparte o Grao en Enxeñaría Informática, que supón a integración de todas as especialidades existentes en España.

• Premio á Traxectoria Profesional: Juan Pazos Sierra, primeiro doutor en Informática e catedrático de Enxeñaría do Coñecemento de España. Foi director do primeiro laboratorio de intelixencia artificial de España.

• Premio Iniciativa Empresarial: saída da consultora tecnolóxica Altia ao Mercado Alternativo Bursátil (MAB). A firma galega, especializada en solucións informáticas e de comunicación, incorporouse este ano en curso ao MAB, un reto para o que contou coa colaboración de DCM Asesores coma asesor rexistrado e Bankinter coma banco colaborador. Con este paso, un dos obxectivos máis salientábeis é "acometer proxectos de grande envergadura e realizar operacións corporativas no mercado español".

• Premio Iniciativa da Administración: proxecto Abalar. O proxecto Abalar vén da man da Consellaría de Educación e a Secretaría de Modernización, sendo o obxectivo converter as aulas galegas en aulas dixitais. Xa nun plano máis concreto, a finalidade a curto e medio prazo é chegar a arredor de 1.500 aulas duns 340 centros educativos. Isto significa que se van beneficiar do programa máis de 31.500 alumnas e alumnos.

• Premio Iniciativa Emprendedora: Iniciador Galicia. Punto de encontro para os emprendedores galegos do eido das novas tecnoloxías, que xa conta arestora con más de 25 eventos, máis de 1.200 asistentes, máis de 900 seguidores por streaming, 1.700 followers en twitter e 350 seareiros en linkedin.

Patrocinadores da gala

O CPEIG contou co patrocinio de diversas empresas e institucións para a organización da gala e dos premios. Colaboraron como patrocinadores de ouro: Altia, Bahia Software, Bull, Everis, Hewlett-Packard, Plexus, Telefónica e Xunta de Galicia; como patrocinador de prata, o Concello de Santiago e como patrocinadores de bronce: Coremain, El Corte Inglés, Insa, Retegal, Tecnocom, Treelogic e La Caixa.

Os responsables de Iniciador Galicia agradecendo o premio

Josefa Fernández Álvarez, de Altia, no seu discurso durante a Noite da Enxeñaría en Informática

O conselleiro de Educación, Jesús Vázquez Abad, co alcalde de Compostela

Eficacia asegurada ante calquera urxencia

Sala de Monitorización de Retegal, encargada de xestionar a rede de emerxencias

Galicia contará por primeira vez cunha innovadora rede de emerxencias coas máximas garantías de calidade

A Xunta anunciou que disporá dun innovador recurso para asegurar que tódolos efectivos e departamentos que participan nas emerxencias teñan a mellor comunicación posíbel, segura e dispoñíbel en todo intre. Esta rede de emerxencias propia estará, segundo engade a Secretaría Xeral de Modernización, baseada en tecnoloxía punteira e operativa e en todo o noso territorio. A creación e posta en marcha desta iniciativa é un dos grandes obxectivos do novo convenio de colaboración asinado entre o Goberno galego e a entidade pública estatal Red.es, ao abeiro do Consello de Goberno galego celebrado este 9 de novembro.

O investimento ata 2013 será de 6.525.000 euros, dos que 4.567.500 serán achegados pola entidade pública estatal, grazas á contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e 1.957.500 pola Xunta de Galicia a través da Consellaría de Presidencia e a Consellaría do Medio Rural. Este orzamento, aclárase, permitirá chegar a unha cobertura do 85% en 2013.

Como dixemos, oi obxectivo do acordo, que asinan os representantes da Consellerías de Presidencia e Administracións Públicas, Medio Rural e a Secretaría Xeral de Modernización e máis a entidade pública empresarial red.es, é constituír unha rede dixital de emerxencias que posibilitará as mellores condicións de efectividade dos nosos servizos de emerxencias, simplificándolles as tarefas de coordinación e mellorando a calidade do servizo. "A creación da nova rede", sinala Modernización, "xurde ante a necesidade de actualizar a tecnoloxía analóxica que actualmente se emprega na rede de emerxencias que non permite implementar novos servizos nin ten capacidade para soportar as necesidades actuais dos servizos de emerxencias". A infraestrutura apoiarase sobre tecnoloxía TETRA, "a máis punteira para este tipo de comunicacións ligadas á seguridade pública e recomendada a nivel europeo", engádese. Entre as súas características primordiais sitúase o alto grao de fiabilidade, mesmo cando a emerxencia é particularmente complexa, as comunicacións chegan a colapsarse ou as condicións meteorolóxicas resultan especialmente adversas. Así nolo explican dende a Xunta: "Esta tecnoloxía garante a súa dispoñibilidade cando o resto de redes de telefonía móbil se colapsa, emprega dispositivos móbiles adaptados a condicións extremas e permite as comunicacións en grupo; ademais, posibilita a incorporación de diversos servizos como emprazar xeograficamente aos efectivos vía GPS, envíos de sms a persoas ou grupos, envío de fotos, consulta de bases de datos ou a gravación de conversas".

Os organismos autonómicos que se integrarán nun principio nesta rede son a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Dirección xeral de Montes da Consellería de Medio Rural e a Consellería de Sanidade.

O número inicial de usuarios estimados entre efectivos de Protección Civil, Axega, Policía Autonómica, 112, dispositivos antiincendios, Grumir, bombeiros e 061 é de 5.000, que se prevé que cheguen aos 8.000 nun período de 3 a 5 anos. Esta rede porase a disposición doutros organismos públicos, como deputacións ou concellos, conseguindo, deste xeito, unha maior coordinación dos distintos servizos de emerxencias.

Co fin de dar corpo á nova rede de emerxencias habilitaranse infraestruturas de telecomunicacións que tiren proveito das xa implantadas no marco do Plan de Banda Larga e as redes do Operador público Retegal, "o que permite axustar en gran medida o orzamento destinado a esta iniciativa e permitirá un aforro de 37 millóns de euros en 10 anos". A empresa pública será a encargada de xestionar a rede dixital de emerxencias.

Segundo apuntou Modernización, coa creación desta infraestrutura resólvese unha carencia histórica en Galicia, "que era unha das poucas comunidades do Estado que carecía dunha rede de emerxencias propia adaptada ás necesidades actuais e que integrara a todos os colectivos implicados nas emerxencias".

Para crear a nova rede de emerxencias despregaranse infraestruturas de telecomunicacións para o que se aproveitarán as implantadas no marco do Plan de Banda Larga e as redes do Operador público Retegal, o que permite axustar en gran medida o orzamento destinado a esta iniciativa (esto xa o decides pero falta o aforro) e permitirá un aforro de 37 millóns de euros en 10 anos. A empresa pública será a encargada de xestionar a rede dixital de emerxencias.

Case o 80% dos alcaldes galegos usaron certificados dixitais en 2010

Administración Electrónica vai afianzando as raizames, non só no ámbito autonómico, senón tamén a nivel local: alí onde pensabamos que custaría máis que chegase. Segundo informou a Secretaría Xeral de Modernización facendo un reconto do acadado na dixitalización da actividade dos concellos ao longo do ano pasado, entre outros aspectos a avaliar, a maioría dos alcaldes, secretarios e inventores e máis da metade do resto de persoal dos consistorios, usaron certificados dixitais para exercitar as súas funcións. Este dato é unha das informacións máis salientábeis que se poden extraer do estudo A Administración Electrónica na Xunta de Galicia e nos concellos galegos, correspondente ao ano pasado e desenvolvido polo OSIMGA, observatorio pertencente ao dito departamento autonómico.

Nun plano máis específico, o estudo sinala que a porcentaxe de alcaldes da nosa terra que empregaron os devanditos recursos é do 80%, taxa que sube até o 85,5% no caso dos secretarios e supera o 56% no resto do persoal.

Asemade, no ano 2010, informa Modernización, o 12,7% dos concellos empregaron mecanismos de certificado dixital para a identificación dos visitantes na web, o que supón un incremento de 11,3 puntos porcentuais dende o ano 2007. Cómpre lembrar, para quen non o saiba, que os ditos certificados son en boa medida un elemento fundamental do proceso de dixitalización das institucións públicas, un sinal que permite ademais facer diagnósticos sobre o seu bo estado de saúde. O seu uso posibilita que entre en xogo outro elemento fundamental, a sinatura electrónica. A partir de aí, a tramitación dixital de documentos ten vía libre, coas vantaxes implícitas de aforro en custes e viaxes. A este incremento no uso, engade Modernización, contribuíu o contrato no 2010 da Xunta coa Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT) para "facilitar a todos os organismos públicos galegos a obtención dos certificados necesarios para a implantación da administración electrónica".

Con todo, non tódolos datos son todo o positivos que deberan. Segundo informa o departamento que dirixe Mar Pereira, aínda queda por facer no desenvolvemento de módulos de tramitación electrónica. A raíz dos informes do OSIMGA, o 53,1% dos concellos dispón de plataformas de perfil do contratante, o 46,5% de plataformas de rexistro telemático e o 39,6% de módulos para habilitar a sinatura electrónica. Onde si que se detectaron datos cen por cen positivos foi na interoperabilidade de servizos (con 3 de cada catro concellos accedendo aos sistemas de informacións doutras administracións para levar a cabo consultas) e na presenza de software libre, que xa chegou ao 73,5% dos concellos, ben sexa a través de programas para os ordenadores ou dos servidores. O maior medre no emprego da programación aberta obsérvase nos concellos de máis de 5.000 habitantes, que pasaron dunha porcentaxe do 64,6% no ano 2008 ao 91,3% no ano 2010, o que representa un crecemento de 26,7 puntos porcentuais. Esta evolución positiva prodúcese fundamentalmente nos concellos de 5.000 a 20.000 habitantes cun aumento de 29,3 puntos porcentuais.

Redes de 100 megas para 6.000 habitantes da provincia de Ourense

A Secretaría Xeral de Modernización fixo reconto os días pasados do acadado a través do despregue de Redes de Nova Xeración (NGAs) do seu Plan Banda Larga da Xunta na provincia de Ourense. Segundo se fai saber nestes informes, preto de 6.000 habitantes dos núcleos do Barco e a Rúa de Valdeorras poden acceder xa a redes de 100 Mbps de velocidade, sendo o obxectivo, para finais de ano, duplicar a cobertura nestas poboacións. Cando se remate o Plan da Xunta en 2013, engade Modernización, "poderanse conectar a estas redes máis de 50.000 habitantes da provincia de Ourense, pertencentes aos núcleos de Allariz, A Valenza, O Barco, Viloira, Carballiño, Celanova, Xinzo de Limia, Maceda, Ribadumia, A Rúa de Valdeorras e Verín".

A maiores, calcúlase que no ano 2013 haxa máis de 1 millón de galegos beneficiándose das redes con velocidades de servizo de 100 Mbps.

Esta achega de NGAs, como temos dito en anteriores ocasións, constitúe unha das cinco estratexias de despregue de redes de telecomunicación operativas xa dende o Plan Banda Larga. Para darlle forma a estas infraestruturas e a estes servizos, a Xunta concedeu o ano pasado unha subvención ao operador galego R por valor de 28 millóns de euros, contía que forma parte dun investimento total de case 130 millóns.

En contra do que se pode pensar, a achega de redes non queda unicamente vantaxes de acceso ao coñecemento senón tamén, a toda a unha serie de servizos de Administración Electrónica que sen a concorrencia de redes de alta velocidade non serían posíbeis. A maiores, R incorpora nesta iniciativa un paquete de servizos adicionais (para todas as novas localidades con cobertura) no que se inclúen a televisión de alta definición, o vídeo baixo demanda e aplicacións interactivas a través da televisión: un servizo de información de emerxencias do 112 por localidades, unha rede Wi-Fi que permita dispoñer de acceso a Internet nas áreas públicas e mesmo teleasistencia para persoas con discapacidade para, por exemplo, comunicar en liña a través do televisor cos centros asistenciais.

Estas iniciativas, unidas ás que xa están en marcha ao abeiro do Plan de Banda Larga, diríxense a posibilitar a conexión á Internet de alta velocidade a toda a poboación galega en 2013. No que atinxe a Ourense, máis de 80.000 cidadáns que até o de agora non dispuñan dun servizo de acceso en condicións, xa contan arestora con el. "En pouco máis dun ano tras o comezo dos despregamentos do Plan, conseguiuse estender a cobertura de Internet de calidade ata acadar un total de máis do 84% da poboación cuberta na provincia fronte ao 59% inicial", engade Modernización, e explica, referíndose aos orzamentos postos en xogo: "A Administración autonómica investiu no pasado ano 2010 un total de 3,8 millóns de euros no despregamento de infraestruturas de telecomunicacións na provincia".

Espallando letras

Política Lingüística informa de novas accións para promover o galego nos medios e nos centros educativos

A Secretaría Xeral de Política Lingüística vén de anunciar a súa colaboración en varias actividades para promover o galego en diversas canles e formatos de comunicación, incluídas as dixitais. Por unha banda, o departamento que dirixe Anxo Lorenzo comunica o seu apoio a unha nova entrega, a segunda, do certame *Minicontos De Luns a Venres Outono,* unha actividade que xorde co obxectivo de afianzar a nosa lingua nos medios do país, tradicionais e dixitais, con contadas excepcións centrados case exclusivamente en potenciar o castelán. O certame vén da man do Centro Pen de Galicia e o xornal LV De Luns a Venres. Este concurso diríxese ademais a achegarlles aos lectores as obras de autoras e autores noveis e consagrados que escriben en galego. "Trátase polo tanto", informa Política Lingüística "dunha iniciativa que nace para ampliar os horizontes da lingua e da cultura galegas a través do xornal gratuíto en galego, LV. De Luns a Venres". Por outra banda, o departamento que dirixe Anxo Lorenzo tamén anuncia a posta en posta en marcha dun concurso de carteis para celebrar nos centros educativos o Día das nosas Letras.

Esta segunda actividade consiste en propoñer a elaboración dunha mostra arredor da obra, da época e da lingua de Valentín Paz Andrade, autor homenaxeado o 17 de maio do ano que vén, "así como da situación sociolingüística do momento no que viviu", infórmase. Segundo se recolle nas bases da convocatoria –que poden consultarse na páxina web da secretaría xeral (xunta.es/linguagalega) e no portal educativo (edu.xunta.es)– o concurso conta con dúas categorías: nunha delas poden participar os centros de educación infantil e primaria, e a outra está dirixida aos centros de educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional específica. Os centros educativos nos que se imparta educación infantil, primaria e secundaria poderán concursar nas dúas categorías.

A mostra que presente cada centro deberá estar constituída por un total de 10 carteis de 70x50 centímetros. "Para cada un deles", informa a secretaría, "elaboraranse unha serie de actividades para guiar a súa observación e fomentar o labor de investigación do alumnado, que se xuntarán á exposición en forma de guía ou cuestionario". Os grupos de traballo que elaboren as exposicións gañadoras recibirán cadanseu premio en metálico por importe de 3.000 euros. Ademais, a mellor exposición de cada unha das categorías será imprimida e distribuída en máis de 1.600 puntos de Galicia e do exterior, tales como centros de ensino, centros de estudos galegos, centros da emigración, bibliotecas municipais e casas da cultura, entre outros.Todos os centros que estean interesados participar nesta iniciativa poderán facelo ata o 16 de xaneiro, día en que remata o prazo para a admisión dos traballos.



Cartel gañador do concurso na edición do 2011, na que se dedicou o Día das Letras a Lois Pereiro

As bases do concurso de relatos

Volvendo ao concurso de relatos co que abrimos este artigo, dicir que as persoas interesadas poden participar no mesmo ata o 15 de decembro, día en que remata o prazo de admisión dos relatos. Os traballos, que deberán ser inéditos e estar escritos en galego, non poderán exceder os 1.200 caracteres. O concurso premiará os tres mellores minicontos con tres galardóns: o primeiro dotado con 600 euros, o segundo con 300 euros e o terceiro con 100 euros.

Cada autor ou autora ten a opción de concursar cun máximo de tres minicontos. Só un deles poderá ser seleccionado polo xurado. O resultado do certame farase público a finais de decembro de 2011 e os minicontos gañadores serán publicados no gratuíto galego e na súa edición dixital.

Impulsando a lingua na hostalería

O certame posto en marcha no Facebook para promover o galego a través de microrrelatos, da man da Asociación Hostalería Compostela e Política Lingüística, chegou á súa resolución este 9 de novembro, no transcurso dunha rolda de prensa que serviu, entre outras cousas, para entregar os premios do concurso. Sinalar que o evento, chamado *MICRO CompH!ostalería. 800 anos en 800 caracteres,* foi froito dun convenio asinado entre a asociación santiaguesa e máis a Secretaría Xeral, co fin de impulsar o uso da nosa lingua na hostalería e, tamén, de conmemorar os 800 anos da catedral de Santiago.

Na resolución desta edición 2011 do certame, a primeira dunha serie que se espera longa, participou o máximo responsábel de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, quen aproveitou a ocasión para avogar polas redes sociais como canles axeitadas para ampliar os recursos de uso da lingua galega. Ao seu xuízo, estes recursos 2.0 son xa "ferramentas indispensables para o desenvolvemento social e persoal".

Os relatos galardoados da primeira entrega do concurso foron da autoría de Ricardo Saavedra, de Ángela Pontes e de Manuel González, que levaron o primeiro, segundo e terceiro premios, respectivamente. O cuarto galardoado foi Jorge Lage, que acadou o premio ao mellor relato gastronómico.

Galicia e Portugal unen forzas a prol das TIC

O proxecto NACCE fomentará o emprendemento e competitividade do sector en ámbalas beiras da fronteira

Presentación de NACCE no Campus de Ourense nunha imaxe achegada pola Universidade de Vigo

O proxecto NACCE (Núcleo de Apoio á Competitividade e a Creación de Empresas TIC) pretende paliar as feblezas do sector das novas tecnoloxías da información na Eurorrexión Galicia–Norte de Portugal, tanto en cantidade de empresas, como en competitividade, e en internacionalización. Para acadar este obxectivo formará a uns 350 emprendedores e empresas do sector TIC da Eurorrexión, creará un núcleo de cooperación entre todos os axentes implicados no sector, para estimular a aparición de novas iniciativas empresariais, aumentar a competitividade das empresas existentes, e, consecuentemente, dinamizar o emprego.

Así o anunciaron os seus responsábeis en Ourense, na presentación desta iniciativa nunha xornada de traballo entre os distintos participantes da mesma. Participantes entre os que se contaban Beatriz Mato, conselleira de Traballo; José Antonio Vilán, vicerreitor de Transferencia do Coñecemento da Universidade de Vigo; José María López Bourio, responsable de AGESTIC; Nuno Martins, director xeral de Aiminho; Eduardo Pinto, director executivo do Centro de Computaçao Gráfica, e Xosé Manuel García, xerente da Cámara de Comercio de Vigo. "Co Proxecto Nacce queremos impulsar o sector das TIC na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal porque cremos na cooperación entre as dúas zonas, porque cremos no sector TIC e porque pensamos que poden ser o noso futuro", salientou a máxima responsábel da Consellería de Traballo e Benestar, departamento que lidera a iniciativa. Esta, engadiu a conselleira, vai permitir, entre outros froitos, a formación e asesoramento a 150 pequenas e medianas empresas no desenvolvemento de proxectos comúns; a formación doutros 150 emprendedores e de 50 empresas na posta en marcha de novas liñas de negocio; e a celebración de 20 mesas de traballo sobre a creación de empresas TIC.

Entre as súas estratexias máis inmediatas están promover a economía do coñecemento, favorecer a xeración e o trasvase de profesionais cualificados e coñecemento a ámbalas beiras da fronteira, superar a especialización produtiva desta zona nos sectores tradicionais, fomentar a internacionalización, a competitividade e o emprego, e impulsar a transferencia tecnolóxica entre as universidades e as empresas do sector.

Máis datos en www.nacce.es/gl

Traballo ombro con ombro

NACCE é un espazo de colaboración e, tamén, unha páxina web onde se materializa e se lle dá forma a esa colaboración. Ademais disto, é unha rede integrada por socios e por colaboradores que se dedican a fomentar a formación e o asesoramento entre as nosas empresas, sobre todo nas de pequeno e mediano tamaño, de ámbolos lados da fronteira, coa finalidade de ampliar a cifra de negocios e impulsar o medre. O "*catalizador*" deste tecido, o elemento de unión, é a rede devandita, baseada en tecnoloxías sociais, 2.0, que se dirixen a fomentar o diálogo e a participación nun obxectivo común. No seu seo están a coller corpo diferentes eventos, presenciais, de diálogo e colaboración: foros de innovación e apertura de fronteiras, mesas de traballo sobre a posta en marcha de todo tipo de iniciativas TIC de mercado. Asemade, inclúese a formalización dunha oficina de asesoramento a empresas do sector en materia de internacionalización.

Trátase dun proxecto que se inscribe dentro da segunda convocatoria do Programa de Cooperación Transfronteiriza España -Portugal 2007-2013. No proxecto NACCE participa como xefe de fila e responsable a Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar, xunto á Asociación Galega de Empresas TIC (AGESTIC), a Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo, a Universidade de Vigo, a Asociación Empresarial AIMINHO e a Asociación Centro de Computación Gráfica de Portugal.

"O noso futuro pasa por colaborar e cooperar"

JOSÉ MARÍA LÓPEZ BOURIO

Falamos con José María López Bourio, presidente de AGESTIC e un dos máximos impulsores do proxecto NACCE

Colaborar, cooperar e traballar ombro con ombro, mesmo a través do río Miño e dunha fronteira, a galego-portuguesa, que en termos culturais e tamén económicos non é nada. Esta é unha das bases do proxecto NACCE, que xorde para impulsar o crecemento das empresas TIC da dita eurorrexión e, tamén, para fomentar a aparición de outras novas. En Código Cero quixemos saber de onde abrolla exactamente este interesante proxecto e por iso falamos con José María López Bourio, un vello amigo deste medio (en parte polo seu labor dirixindo as rendas da asociación AGESTIC) que arestora está a centrar unha boa parte dos seus esforzos en tentar solucionar as eivas que arrastra o sector TIC de ámbalas beiras da fronteira. E faino ao abeiro de NACCE, precisamente, ombro con ombro co resto do equipo responsábel deste proxecto, un conxunto de institucións e empresas de Galicia e o Norte de Portugal, entre as que se atopan a Xunta e AGESTIC. Ao xuízo de Bourio, NACCE céntrase nunha fórmula infalible: colaborar e cooperar.

Máis datos en www.nacce.es/gl

-Se existe NACCE, un proxecto para afianzar o traballo conxunto, arredor das TIC, entre Galicia e o Norte de Portugal, é porque hai eivas neste sentido. Que baleiros viría a encher NACCE, que é aquilo, exactamente, ao que se lle busca pór remedio?

-O Núcleo de Apoio á Competitividade e á Creación de Empresas TIC, NACCE, xorde ante a percepción da necesidade de actuar de forma conxunta no territorio galego e do norte de Portugal ao evidenciarse varias eivas. Por exemplo: que existe un menor índice de empresas, pequenas e medianas, orientadas ao sector das novas tecnoloxías respecto ás medias nacionais. Asemade, as *pemes* non acadan os índices de cooperación con firmas do seu mesmo sector na procura de sinerxías, compartimento de estruturas de recursos e exploración de novas ideas de negocios conxuntos. Por outra banda, hai que ter en conta que existe un reducido número de empresas TIC, *pemes*, que operan fóra do seu ámbito nacional, mentres que o sector das novas tecnoloxías da información leva anos consolidándose como un dos sectores produtivos con maior potencial no proceso de internacionalización. Estas evidencias obtéñense non só a partir da experiencia do día a día das entidades que promoven o proxecto, e as detectan, senón tamén de distintos estudos. Como o *Informe sobre a realidade empresarial transfronteiriza*, elaborado dentro do marco EURES e que pon de manifesto que na zona que comprende o espazo no que se tocan Galicia e Portugal, máis na súa contorna, existen un reducido volume de empresas TIC que permita un medre económico apoiado na Sociedade da Información. Isto pódese constatar no informe, onde tamén se pon de relevo que a presenza deste tipo de firmas TIC é menor que noutras zonas de desenvolvemento de España e Portugal. Por outra banda, o estudo Eixo TICEs e Máquinas e Material Eléctrico, desenvolvido dentro da iniciativa Norte2015, confirma que avaliando en detalle a cifra de negocios e distribución das

devanditas empresas TIC, constátase que estas amosan produtividade máis ben baixa por empregado e, polo tanto, un déficit competitivo se contrastamos os ditos datos con ratios doutras zonas de España e Portugal e doutros países da UE.

-É certo que isto provoca tamén unha escasa colaboración entre empresas e menor fluxo de profesionais?

-En efecto, o reducido número de empresas TIC, a súa baixa competitividade, a escasa colaboración con empresas veciñas e, a maiores, o baixo grao de internacionalización, provocan que exista unha baixa mobilidade de traballadores cualificados entre os países, cousa que vén demostrada polos informes do proxecto Interreg Ibermovilitas (Estudo para a detección de ocupacións laborais con posibilidade de mobilidade transfronteiriza entre Galicia e Norte de Portugal), onde non se considera este sector como un dos de meirande potencial de mobilidade de traballos cualificados entre os dous países.

-Diría vostede que o noso futuro, tanto o futuro do sector das novas tecnoloxías como o do resto dos sectores inseridos na innovación e na busca de novos xeitos de saír da crise, pasan de xeito irremediable pola cooperación? Cooperación entre nós pero tamén coas empresas e institucións da nosa contorna, neste caso as de Portugal, non é así?

-O diagnóstico da rexión transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal revela a existencia de dous aspectos comúns a ámbolos territorios que condicionan de xeito significativo a competitividade e o medre económico. Por unha banda temos un desequilibrio entre as altas expectativas envorcadas na formación dos mozos e o reducido índice de iniciativas de autoemprego creadas. Cobra especial importancia neste aspecto a baixa cifra de iniciativas empresariais con compoñente TIC, malia o progresivo investimento en formación e demanda que este ámbito está a experimentar. Por outra banda, dase unha taxa de actividade moi por debaixo das medias nacionais, diverxendo progresivamente debido ao actual ciclo de crise económica. Cómpre salientar, respecto a este factor, que a feble estrutura empresarial do territorio amosa dificultades para absorber de maneira axeitada a crecente demanda de emprego.

"Podemos dicir que as empresas galegas do sector TIC están no bo camiño e se están a afianzar en modelos colaborativos de éxito. "

No que atinxe ás tecnoloxías da información e a comunicación, o déficit das infraestruturas condicionan de xeito negativo o potencial de desenvolvemento do sector. O futuro, pois, pasa por colaborar e cooperar.

-Cre vostede que hai unha boa base de entendemento entre nós e as firmas e entidades do Norte de Portugal? E entre as propias empresas galegas do sector TIC, cre vostede que hai boa base para pór en marcha iniciativas conxuntas ou ben para afianzar e fortalecer as que xa están en marcha?

-Estanse a pór os alicerces para superar reticencias iniciais e colaborar de forma eficaz, achegando cada empresa o seu coñecemento e talento, complementando as sinerxías do que unha non sabe co que outra ten de experta. Iso é cooperación. Hai iniciativas xa en marcha que darán froitos en datas vindeiras, misións comerciais conxuntas, presentación a convocatorias de proxectos nacionais e internacionais, desenvolvementos de I+D+i en forma de consorcios. Podemos dicir que as empresas galegas do sector TIC están no bo camiño e se están a afianzar en modelos colaborativos de éxito.

-Quen pode participar no proxecto NACCE? Emprendedores TIC cunha idea ou ben cun proxecto para desenvolver ou empresarios con experiencias xa consolidadas?

-O proxecto vai dirixido, por unha banda, a persoas interesadas en crear unha empresa de base tecnolóxica en Galicia ou no Norte de Portugal, xa sexan tecnoloxías aplicadas á saúde, a educación, o comercio, a banca, Internet, aplicacións móbiles, realidade virtual, contidos dixitais, etc. Todo con independencia do grao de maduración da idea ou do proxecto. Por outra banda, tamén se dirixe a empresas de ámbalas beiras da fronteira, sen terse en conta o ano de creación nin o nivel de afianzamento, interesadas en darlle pulo a proxectos TIC en colaboración e novas liñas de negocio, ou que desexen ir alén das súas fronteiras.

-É certo que ao abeiro do proxecto NACCE váiselle dar corpo a un viveiro de iniciativas TIC, galego-portuguesas, que servirá como centro de operacións e fonte de innovación empresarial? Onde estará emprazado este viveiro e que capacidade terá?

-Estamos a falar dun viveiro virtual co apoio de eventos de *networking* (foros e mesas de traballo). Non está entre os obxectivos do proxecto a creación dun novo viveiro de empresas físico, que xa os hai, e moi bos, en Galicia; senón que esta experiencia piloto, este proxecto innovador sexa útil para tódalas empresas e emprendedores TIC e poida converterse nun gran viveiro virtual de iniciativas TIC galego-portuguesas. As funcións e servizos de NACCE son as mesmas que as dun acubillo de empresas físico, coas diferenzas clave de poder ser asesorados por reputados expertos, facer contactos dentro do mesmo sector, atopar socios e/ou traballadores, abrir novas liñas de negocio, etc.

-Que institucións e entidades están detrás de NACCE cando confían en ir obtendo os primeiros froitos deste traballo conxunto?

-Está liderado pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Traballo e Benestar e a Dirección Xeral de Promoción do Emprego e conta coa colaboración de AGESTIC, a Asociación Galega de Empresas TIC, a Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo, a Universidade viguesa (co seu Campus de Ourense e a súa Escola Superior de Enxeñaría Informática), AI-Minho-Associaçao Empresarial, Associaçao CCG/ZGDV - Centro de Computaçao Gráfica. Estimamos que entre os 12 e os 18 meses poderán verse os resultados deste traballo.

-A iniciativa inclúe formación para emprendedores e profesionais? De habela, que tipo de formación será e a cantas persoas se pretende chegar?

-Hai tres piares: realizar proxectos en colaboración e creación de novas liñas de negocio, internacionalización e creación de empresas TIC. En total, preténdese chegar a 250 empresas TIC e 100 emprendedores con ideas ligadas ás novas tecnoloxías, TIC. Lembrar que ademais da formación, orientación e asesoramento crearase unha oficina para pequenas e medianas empresas en materia de busca de novos mercados e máis un observatorio sobre a materia.

Escola de investigadores avanzados

Galiciencia 2011 xuntará en Ourense a nosa comunidade investigadora de nova xeración

Comezamos novembro con ciencia. De feito, semella que haberá actividades de divulgación científica para todas e todos, esteamos onde esteamos, e que en troques de Semana da Ciencia, unha celebración europea que se celebra na nosa terra dende hai anos nestas mesmas datas, convirían ir falando máis ben dun "mes da ciencia", tan amplo vai ser o calendario de eventos. Con todo, haberá xornadas que na nosa axenda deberían figurar ben subliñadas, como por exemplo os días 23, 24 e 25 de novembro, que son as datas elixidas para Galiciencia, evento que o ano pasado bateu récords de participación e que con 2011 preséntase con novos azos para lograr que nos nosos centros escolares abrollen o meirande número de ideas e proxectos, presentes e futuros. Galiciencia, unha vez máis, vén da man da Tecnópole, o Parque Tecnolóxico de Galicia, en Ourense. Este ano terán un papel especial cuestións temáticas como a preservación nos nosos bosques ou os segredos da química.

O evento, que se dirixe a estudantes e profesores, é unha das feiras científicas máis importantes de todo o Estado español, un fervedoiro de propostas de investigación que se enriquecen unhas e outras, por proximidade e fluxo de coñecemento (cada unha cun stand), e unha mostra ben clara do potencial que hai na nosa terra en materia de innovación e outros asuntos. A nova edición da feira, aberta a estudantes de tódalas ramas e vocacións (non importa se de ciencias ou de letras), xa está descrita polo miúdo, en tódolos seus detalles, na web da Tecnópole, onde poderemos ter acceso ás bases do certame (en pdf a través de tecnopole.es). Nel participan estudantes de Secundaria e de Formación Profesional de toda a nosa Comunidade e de outros puntos de España, sendo o seu obxectivo principal, dende cadanseu stand, dar conta dos seus novos produtos para o mercado e diversas áreas de coñecemento.

Como aconteceu en anteriores edicións, a feira desenvolverase sobre o alicerce dunhas bases temáticas ben específicas, bases que soen coincidir con celebracións en curso a nivel internacional. Este ano, os eixes serán o Ano Internacional da Química e máis o Ano dos Bosques, polo que unha boa parte das actividades programadas xirarán arredor de cuestións como a defensa dos nosos espazos naturais ou a investigación sobre diversos fenómenos químicos que nos axuden a coñecer mellor o mundo que nos rodea.

Inclúense polo tanto os obradoiros que citamos a continuación, a engadir a outros dos que iremos dando conta os días vindeiros.

Obradoiro *Os Bosques*

Este obradoiro divídese en dúas partes, unha de carácter práctico e outra teórica. Coñeceranse de forma amena as principais características dos bosques galegos e a súa evolución ao longo da historia, prestando especial atención ao bosque autóctono e a súa estrutura a nivel de ecosistema. Posteriormente estudaranse os incendios forestais e os seus efectos sobre o noso ámbito, realizando algunha pequena experiencia na que

se farán comparacións entre as características de chans de bosque queimados e dun ecosistema san.

Na parte práctica, coñecerase de primeira man como traballan os equipos de extinción de incendios forestais e as técnicas que utilizan co fin de preservar un ben tan prezado como os bosques, para o que se contará coa colaboración especial dunha das empresas de Tecnópole, Salvacon, especializada neste tipo de tarefas.

Duración: 60 minutos por grupo.

Público: Alumnos de Secundaria/FP.

Obradoiro *Química*

O obradoiro recolle un conxunto de experiencias relacionadas coa química. Realízanse segundo informa a Tecnópole unha serie de "trucos de maxia, que, en realidade, ocultan fascinantes fenómenos químicos". Mediante esta e outras accións, iranse coñecendo aspectos relevantes da química. Tras cada experiencia, explicaranse aos asistentes as razóns científicas do fenómeno observado (as explicacións adáptanse aos niveis dos grupos).

Algunhas das experiencias que se levarán a cabo:

- Apagar candeas con fluídos invisibles.
- Quentar con lume globos e que non exploten.
- Crear unha lanterna cun lapis.
- Sangue e auga osixenada son un explosivo?
- Reaccións oscilantes ou cando as cousas cambian de cor cando queren.
- Maxia química, ou como ao encher un vaso de auga e xiralo esta non cae.
- Conxelar auga coa mente... e a química.

Duración: 50 minutos

Público: Alumnos de Secundaria/FP.

Obradoiro *Termalismo*

Esta actividade busca subliñar a estreita relación de Ourense co termalismo. A proposta da organización é levar a cabo unha aproximación investigadora á cuestión. O obradoiro permitiralles aos asistentes coñecer a historia das augas termais e realizar análises e experiencias que lles axudarán a afondar no seu coñecemento. Contidos: xeoloxía das augas termais de Ourense, historia e orixe do termalismo local, tipos de auga, análises de mostras, comprobacións experimentais, o termalismo na actualidade, etc. A duración é de 50 minutos. O obradoiro diríxese ao alumnado de Secundaria e máis de Formación Profesional.

Planetario

O espazo de planetario Sphera e o seu sistema de proxección dixital esférico vaille permitir á organización levar a cabo sesións de planetario nas que se combinarán dous tipos de contidos relacionados co espazo. Na primeira parte explicaranse conceptos básicos sobre a observación do firmamento (conceptos de estrela, planeta, constelación, etc.) e as características do ceo que podemos observar en Galicia ao longo do ano, poñendo especial énfase no característico do outono. Na segunda parte proxectarase unha película en formato *fulldome* (cobre a totalidade do planetario) que fará fincapé en como se adestran os astronautas e os riscos que entraña viaxar ao espazo, informa polo miúdo a Tecnópole. A actividade terá unha duración de 50 minutos. Os destinatarios serán alumnas e alumnos de Primaria.

Dúas alumnas participantes na pasada edición de Galiciencia

Ciencia e Cinema

O cinema é unha xanela á ciencia. Máis alá da semellanza evidente entre ámbolos termos, estamos ante un tema, o da arte audiovisual, que parece ter ido da man, dende ás súas orixes, dos temas máis candentes sobre investigación e estudo do noso mundo e dos que nos rodean. De feito, os directores máis salientábeis dos comezos do cinema, como por exemplo os Lumiere ou Melies, eran tan científicos como artistas. A acción que presenta a Tecnópole tentará dar resposta a estas preguntas:

- Ten base científica o que vemos nas películas?
- Cales son as técnicas que permiten crear animais xigantescos e ataques extraterrestres?,
- Por que os extraterrestres sempre nos queren exterminar se non lles fixemos nada?

Durante a actividade proxectaranse fragmentos de películas que forman parte de imaxinario colectivo (*Tiburón, Starwars, Mars Attack*...) de nenos e maiores e, tamén, avaliaranse en todo detalle a súa base científica, levando a cabo experiencias para comprobar se se axustan á realidade. Duración: 50 minutos. Público: Sesión no Salón de actos. Público en xeral.

Extra, Extra!

Segundo informa a Tecnópole na súa web, Galiciencia terá por primeira vez a súa revista oficial. Os proxectos e os seus respectivos promotores, as actividades paralelas, as impresións dos asistentes e todo o que suceda a maiores durante a celebración da feira será plasmado en papel "para que participantes e visitantes poidan levar un relato profesional do que viviron", infórmase.

Os xornalistas que elaborarán esta revista serán os propios alumnos de Secundaria que previamente serán formados como reporteiros científicos. "Uns redactarán reportaxes, outros farán entrevistas e enquisas, outros serán fotógrafos, pero todos participarán, dende a redacción que instalaremos en Tecnópole na celebración de Galiciencia, na edición da que será a primeira revista oficial do evento", engade a organización.

Chiscadas de ollo para mentes inquietas

En Galiciencia, segundo nos conta a Tecnópole, tamén se busca que os máis novos se familiaricen coas últimas tecnoloxías e vexan aplicacións prácticas experimentando con elas. Para acadalo, en primeiro lugar usaranse os códigos BIDI, que son os que se usan nos móbiles intelixentes actuais. Estas imaxes posibilitan, entre outras cousas, que os nosos móbiles descifren textos ocultos alí acubillados, só con enfocalos cara eles. No transcurso da Galiciencia, para ir familiarizando aos rapaces co miolo desta innovación, colocaranse cada día un conxunto de imaxes BIDI ao longo e ancho das instalacións, ocultándose unha serie de pescudas para ir xuntando pezas e logo dar cun achado. A maiores disto, á entrada da carpa colocaranse dispositivos que permitirán o achegamento dos visitantes á coñecida como Realidade Aumentada (*Augmented Reality*), que permite mostrar imaxes tridimensionais ao situar un debuxo ante unha cámara.

Cando e Onde?

Días 23, 24 e 25 de novembro.
No Edificio CEI do Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole)
San Cibrao das Viñas, 32900. Ourense.
Máis información: sabela@tecnopole.es
Teléfono 988 368 100.

Cousas que debemos saber da Semana da Ciencia 2011

En 2011 celébrase o Ano Internacional da Química. Foto de Euthman

Do 7 ao 20 de novembro de 2011, Galicia únese á cita europea anual coa ciencia máis divulgativa. Todo tipo de entidades, públicas e privadas, están chamadas a abrir as súas portas e organizar actividades coas que amosar aos cidadáns "dun xeito ameno e accesible como a ciencia e a tecnoloxía están presentes nas súas vidas", segundo se nos informa na web divulgacion.org, dependente da Dirección Xeral de I+D (Consellería de Economía), entidade encargada de coordinar as diferentes accións programadas. Este ano, a Semana da Ciencia celébrase ao longo do mes de novembro, concentrándose o meirande número de eventos entre o 7 e o 20 de novembro. Amais da Dirección Xeral de I+D, a celebración conta na nosa terra co apoio activo da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía, entidade dependente do Ministerio de Ciencia e Innovación que coordina o evento a nivel estatal.

Na Semana da Ciencia pódese participar de dous xeitos:

- Asistindo ás actividades que se organizan. Na web divulgacion360.org imos vendo cada día os datos das actividades.
- Organizando actividades. Aínda que as entidades científicas e tecnolóxicas xogan un papel fundamental na Semana da Ciencia, este evento está aberto á participación de todo tipo de entidades co obxectivo precisamente de que amosen á sociedade como a ciencia, a tecnoloxía ou a I+D+i están presentes en todo o que nos rodea: desde un hospital ou unha empresa até un parque eólico ou un medio de comunicación. Polo tanto, están chamadas a organizar actividades todas as entidades, públicas e privadas, e persoas que o así o desexen, informa a Dirección Xeral de I+D.

Como dixemos, e como recurso e consello para as persoas que queiran saber máis sobre as actividades de formación e celebración preparadas para a nosa terra, dicirlles que a canle máis axeitada é divulgacion360.org, páxina dependente da dita Dirección Xeral que serve en boa medida de taboleiro de anuncios e máis de centro de coordinación das accións programadas.

Unhas cantas actividades

• Conferencia Richard Royce Schrock
[Máis divulgación]
Cando: 10/11/11 / a partir das 20 horas Onde: Santiago de Compostela (A Coruña), na Aula Magna da Facultade de Química, Campus Vida / Temática: Química / Tipo de público: Público xeral

• Astronomía itinerante
Cando: Do 03/11/11 ao 24/11/11 / Onde: Santiago de Compostela (A Coruña), Biblioteca Pública Ánxel Casal / Temática: Astronomía / Tipo de público: Público xeral /Máis datos en www.usc.es/astro

• Visitas guiadas ao Observatorio Astronómico Ramón María Aller
Cando: Do 04/11/11 ao 19/11/11 / Onde: Santiago de Compostela (A Coruña), Observatorio Astronómico Ramón María Aller, Campus Sur / Temática: Astronomía / Tipo de público: Público xeral / Máis datos en www.usc.es/astro.

• Obradoiro de telescopios
Cando: Do 05/11/11 ao 12/11/11 / Onde: Santiago de Compostela (A Coruña), no Observatorio Astronómico Ramón María Aller do Campus Sur / Temática: Astronomía / Tipo de público: Público xeral / Máis datos en www.usc/astro

• Enerxía, Materiais e Medio Ambiente: Química na Terra
Cando: Do 07/11/11 ao 11/11/11 / Onde: Vigo (Pontevedra), na Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas / Temática: Química, xornada de portas abertas e visitas guiadas / Tipo de público: Estudantes de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos / Máis datos en webs.vigo/etseminasbvazquez@uvigo.es

• Programa Semana na Ciencia 2011. Museos Científicos Coruñeses
Cando: Do 07/11/11 ao 13/11/11 / Onde: A Coruña (A Coruña) nos Museos Científicos da cidade / Temática: Outros / Tipo de público: Público xeral / Reservas na conta de correo reservas@casaciencias.org / Máis datos en mc2coruna.org.

• Química cotiá
Cando: 17/11/11 / Onde: A Coruña (A Coruña), no número 142 da rúa Orzán e a partir das 20.30 horas / Temática: Química / Tipo de público: Público xeral / Máis datos en mbdivulgaciencia@gmail.com

• Paseo de outono, visita guiada aos xardíns de Méndez Núñez
Cando: 19/11/11 / Onde: A Coruña (A Coruña) nos Xardíns de Méndez Núñez / Temática: Medio ambiente e ecoloxía, itinera-

rio didáctico e excursión / Tipo de público: Público xeral / Máis datos en mbdivulgaciencia.blogspot.com.

• Biodiversión '11
Cando: Do 21/11/11 ao 23/11/11 / Onde: Santiago de Compostela (A Coruña) na sede do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia / Temática: Divulgación Científica e Tecnolóxica / Tipo de público: Estudantes de Primaria / Máis datos en biodiversioniiag@iiag.csic.es

• Galiciencia 2011
[Semana da Ciencia]
Cando: Do 23/11/11 ao 25/11/11 / Onde: San Cibrao das Viñas (Ourense), no Parque Tecnolóxico de Galicia, Tecnópole / Temática: Divulgación Científica e Tecnolóxica / Tipo de público: Público xeral / Máis datos en sabela@tecnopole.es

O coidado dos nosos bosques será este ano un dos temas estrela. Foto de Lutz R. Frank

Actividades divulgativas en todo o Estado

Logo de dar conta da gran afluencia de público que rexistraron nos pasados anos as actividades organizadas en todo o Estado con motivo da Semana da Ciencia, o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) repite experiencia un ano máis, e entre o vindeiro 7 e 20 de novembro vai celebrar unha chea de eventos e actividades do máis variado que xiren en torno ao apaixoante mundo da ciencia. En total serán unhas 260 actividades as que se leven a cabo por toda España, que debullándoas resultan ser 50 obradoiros, 30 exposicións, 55 xornadas de portas abertas e visitas guiadas, 90 mesas redondas e relatorios; así como demostracións interactivas, teatro, cine e debates de balde, dirixidos a facerlle pasar un anaco agradable a tódalas persoas asistentes.

A edición deste ano, a undécima, abrangue tódalas áreas do coñecemento, porén fai especial fincapé na química por ser este o Ano Internacional da disciplina. Desta maneira, a química vai estar presente nunhas 80 actividades a celebrar en todo o Estado, e compartirá protagonismo coa temática forestal, pois no 2011 tamén se celebra o Ano Internacional dos Montes, polo que moitas actividades divulgativas xirarán en torno a este tema.

A Semana da Ciencia é, dende hai tempo, unha das citas máis importantes do ano no campo da divulgación científica, que logra achegar as súas disciplinas a persoas de tódalas idades grazas a que bota man da diversión e do entretemento para transmitir o saber.

As actividades organizadas polo CSIC para a Semana da Ciencia contan coa axuda da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía e as Comunidades Autónomas, e aquí na nosa, sen ir máis lonxe, a entidade pública centrará parte das súas actividades nos montes e na biodiversidade.

Xa que logo, no noso país, o CSIC vai celebrar unha serie de talleres científicos organizados no Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia, nunha campaña que leva por nome *Biodiversión 2011*.

Este ciclo de actividades irá dirixido a estudantes de educación primaria, os cales tamén poderán participar en sendos concursos de fotografía e de debuxo, cos que achegarse ao mundo dos montes.

Asemade, os escolares galegos poderán aprender a extraer o ADN dunha cebola ou a facer un petroglifo, actividades que tamén forman parte do programa do CSIC, e que só no noso país convocarán a máis de 2.000 persoas.

Nova edición do certame Fotciencia

Fotciencia é un certame de fotografía científica convocado polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e máis a Fundación Española para a Ciencia e la Tecnoloxía (FECYT) cuxo obxectivo é achegar a ciencia e a tecnoloxía aos cidadáns mediante unha visión artística e estética suxerida a través de imaxes científicas e un comentario escrito do feito científico que ilustran. As imaxes de Fotciencia son un recurso público para a divulgación da ciencia. A día de hoxe, o prazo para a achega de traballos xa rematou. Para quen queira ver as imaxes presentadas, dicirlle que xa as ten á vista en fotciencia.es, onde poderemos votar pola nosa favorita. Por certo que non só haberá premios para as gañadoras e gañadores, senón tamén para quen vote: sortearase un Apple iPad2 con Wi-Fi 16 Xb. O prazo para dar a nosa valoración sobre as fotos está aberto até o 20 de novembro, é dicir, coincidindo coa Semana da Ciencia, que vai dende o 7 até o 20. O fallo do concurso farase público a partir do 19 de decembro de 2011 na devandita web fotociencia.es

A Royal Society pon en liña e con acceso libre o seu Arquivo Histórico

A Royal Society, a máis antiga sociedade de investigadora do Reino Unido e unha das que máis anos de labor científico e divulgador amorean en Europa ás súas costas, vén de abrir de xeito continuo o seu Arquivo Histórico. Este proceso, en liña e con acceso libre, supón a achega de arredor de 60.000 artigos históricos de tipo científico perante toda a comunidade internauta. Segundo informa a Universidade de Santiago reflectindo de primeira man a nova da Royal Society (royalsociety.org), estamos ante un importante acontecemento en materia de universalización da información investigadora, cousa que cobra aínda maior relevancia se temos en conta o valor dos estudos aos que dá acubillo a dita entidade. De feito, estamos a falar dunha das comunidades de investigadores máis senlleiras de todo o mundo, cunha primeira xeira de traballos de divulgación que se remontan ao 1665, coa edición da *Philosophical Transactions of the Royal Society*, considero o primeiro xornal científico do mundo.

10.000 exemplares e sumando

O libro dos galegos Álvarez Gómez e Carlos Suárez sobre sistemas de información xa chegou a 50 universidades

Redacción

O panorama estatal de publicacións sobre as novas tecnoloxías e os seus usos prácticos no ámbito produtivo ten un antes e un despois do traballo desenvolvido polos galegos Álvaro Gómez e Carlos Suárez, responsábeis entre outras cousas do libro *Sistemas de Información, herramientas prácticas para la gestión empresarial*, do que xa dimos conta nesta revista, Código Cero, con moito da súa primeira entrega. Pois ben, segundo nos veñen de contar estes especialistas en novas canles dixitais e negocios, a obra vén de chegar á súa cuarta edición, en España e Latinoamérica, o que, unido a unha tirada de 10.000 exemplares (polo de agora), fala ás claras do interese xerado por este exhaustivo traballo, en boa medida un manual práctico das cousas que debéramos facer para tirarlle o máximo rendemento ás TIC co fin de incrementar a competitividade do noso negocio e afianzarnos nun mercado onde xa case nada se fai sen tecnoloxías de por medio.

Segundo engaden os seus autores, un dos máximos puntos fortes do libro é a súa utilidade como fiel reflexo da experiencia deles mesmos, Álvaro e Carlos, dous enxeñeiros galegos de Telecomunicación comprometidos, sinalan, co desenvolvemento produtivo da súa terra. "Publicamos a primeira edición hai 8 anos", comentan, "pensando en que ía ter unha boa acollida no mercado empresarial, aínda que logo descubrimos que onde mellor foi recibida esta obra foi no ámbito académico". Este éxito no eido académico débese, na súa opinión, á vontade por mesturar enfoques dun xeito equilibrado e coherente: por unha banda o enfoque práctico (que vén da experiencia de 20 anos dos autores no mundo empresarial) e pola outra o rigor académico que esixe o ámbito universitario (os responsábeis da obra son doutores en diversas materias e teñen tras de si experiencia no desenvolvemento de traballos bibliográficos sobre estas cuestións).

Os autores do libro, Carlos Suárez, á esquerda; e Álvaro Gómez debaixo destas liñas

Un espazo empresarial innovador, posto na Rede da man de Mayline Group

Logo de oito anos de vida nos andeis dos investigadores e dos profesionais das telecomunicacións e das novas tecnoloxías, o balance non pode ser máis positivo: catro edicións en España e outras catro en Latinoamérica, cunha tirada que rolda os 15.000 exemplares (cifra que para unha obra sobre un tema tan específico e tecnolóxico só pode ser cualificado de "éxito) e con presenza como libro de referencia en máis de 50 universidades de ámbalas beiras do Atlántico. Con todo, as cifras que se achegan non son determinantes nin definitivas, sobre todo no que se refire á presenza da obra nos ámbitos académicos, xa que é probábel que o libro estea presente en máis universidades das que se pensa. "Seguramente apareza en moitas máis", aclaran os autores, "pero logo dunha busca levada a cabo durante un par de días localizamos o libro na bibliografía de carreiras de Administración de Empresas ou de Enxeñarías de máis de medio centenar de institucións educativas superiores; e en case tódolos casos o libro non aparece como unha referencia máis, senón que se cita como libro de texto da materia en cuestión".

Polo que respecta ás novidades que van aparecendo con cada labor de actualización dos contidos, precisa para unha obra que trata sobre algo móbil e dinámico como a Sociedade do Coñecemento, dicir que con cada edición aplícase un bo número de cambios con respecto á inmediata, o que responde á arela dos autores de conseguir que o libro estea axeitadamente actualizado, a disposición dos profesores, cada dous ou tres anos. A materia esíxeo, comentan. Nesta cuarta edición, amais de ter renovado os capítulos con datos recentes, foron introducindo todo o relativo ás redes sociais na xestión empresarial ou aos modelos SAAS (nas súas siglas en inglés, Software As A Service). Tamén se incluíron cen cuestións de debate ou casos de tipo práctico para que "o libro sexa un apoio importante para os novos modelos docentes, nos que se dá un peso importante ao traballo do alumno".

Como dixemos, os autores desta obra son Álvaro Gómez Vieites (doutor en Economía pola UNED e enxeñeiro de Telecomunicacións pola Universidade de Vigo) e Carlos Suárez Rey (doutor enxeñeiro de Telecomunicacións pola Universidade Politécnica de Madrid, executive MBA e PAD pola Escola de Negocios Caixanova e ademáis Director Xerente da empresa EDISA). Ambos son profesores na Escola de Negocios Novacaixagalicia.

En dirección ao cliente

Telefónica transforma as súas tarifas de contrato para móbiles cara a unha maior simplicidade e aforro

Telefónica vén de dar a coñecer recentemente unha importante nova para os seus clientes reais e potenciais. Referímonos á posta en marcha dunha serie de medidas encamiñadas a transformar a súas tarifas de contrato para usuarios de móbil cara a unha meirande simplificación, medidas que se presentan baixo dous conceptos básicos: *Falar e Falar e Navegar*. Este novo concepto de oferta, baseado segundo apunta Telefónica na flexibilidade, na transparencia e nunha mellor achega de prezos, foi dado a coñecer en todo detalle por José María Álvarez-Pallete, presidente de Telefónica Europa, e Luis Miguel Gilpérez, novo responsable de Negocio de Telefónica España. Ao seu xuízo, estariamos a falar dun antes e un despois da evolución dos prezos no mercado estatal e, tamén, das diferentes estratexias desenvolvidas para satisfacer ao cliente. Este, o cliente, será o piar básico da nova estratexia comercial. Os restantes piares serán a liberdade de elección, a transparencia, a personalización e a flexibilidade "para que o usuario poida cambiar as súas tarifas cando e como queira".

José Mª Álvarez-Pallete, presidente de Telefónica Europa, e Luis Miguel Gilpérez, responsable do Negocio de Telefónica España

Deste xeito, a partir do 10 de novembro, a operadora española ofreceralles aos seus usuarios de contrato móbil no país un novo abano de prezos de voz que, mesturados coa oferta previa de datos, achegará "combinacións a gusto de cada cliente e a oferta de tarifas máis completa e competitiva do mercado", sinalaron. Entre as medidas concretas a pór en marcha inclúese unha nova canle en liña mellorada e adaptada dende a que se poderán xestionar e personalizar con "suma facilidade" tódalas opcións dispoñíbeis. Como dixemos, as novas tarifas insírense en dúas grandes categorías, *Falar e Falar e Navegar*, dous conceptos que falan por si sós, dun xeito sinxelo e claro, do que se ofrece. "O cliente", informaron, "poderá combinar de xeito libre as tarifas de voz e as de datos e conformar a súa propia conta en función das súas necesidades, que ademais poderá trocar por outras cantas veces queira sen penalizacións nin incompatibilidades, e sen letras pequenas; engadíndose a posibilidade de cambiar de móbil sen atarse a unha tarifa e só con elixir o nivel de gasto".

Baixada de nove a seis euros no consumo mínimo

As opcións máis sinxelas son as que permiten *Falar* con tódolos clientes en calquera horario, con paquetes de minutos que inclúen 150 minutos ao mes por un prezo de 15 euros, 300 minutos por 25 euros ou 500 minutos por 35 euros. O resto dos minutos que vaian alén das franquicias contratadas cobraranse a 18 céntimos/minutos, cun establecemento de chamada de 15 céntimos. O consumo mínimo de tódolos contratos de voz tamén baixa de 9 a 6 euros por mes, o que supón unha redución do 33%. Porén, informa Telefónica, se o cliente leva a cabo –principalmente- as súas chamadas cara a outros usuarios de Movistar ou teléfonos fixos, poderá gozar de 250 minutos ao mes por só 15 euros. E se o uso maioritario é para os seus intres de lecer (fins de semana e tardes a partir das 16.00 horas) tamén poderá obter 250 minutos mes por 15 euros, engade a operadora española.

A estas achegas de voz poderán xuntarse, nas combinacións que máis lle conveñan ao cliente para *Falar e Navegar,* a opción de acceder á Rede con tarifas planas de 15 e 25 euros, que incorporarán 500 Mb e 2 Xb de tráfico, respectivamente. Para os usuarios que requiran máis capacidades, tamén haberá ofertas que chegan até os 10 Xb, informa Telefónica. E engade: "Tódolos clientes que decidan contratar unha tarifa de datos móbiles terán un desconto de cinco euros sobre os prezos antes descritos se son usuarios de ADSL Movistar; deste xeito, a tarifa plan que inclúe 500 Mb só terá un custe de 10 euros para os clientes máis fieis a Movistar, e será válida e compatíbel con calquera modelo de teléfono". Amais disto, as persoas que contraten tarifas planas de datos terán tódalas mensaxes de texto ao móbil de balde.

Imaxe da presentación de Sientegalicia.com en Lugo

Non un turismo calquera

As tres mozas creadoras de Sientegalicia.com desvelan en Lugo os segredos da súa web

A iniciativa Sientegalicia.com, posta en marcha por tres mozas emprendedoras da provincia de Lugo, foi presentada o pasado mes de outubro, en tódolos seus detalles, nos viveiros da Fundación CEL. Como o seu propio nome indica, trátase dunha empresa-web destinada a fortalecer o turismo na nosa terra, facendo uso intensivo das TIC, pero non un turismo calquera senón unha actividade alternativa que repercuta no crecemento do sector, atendendo ás empresas e negocios que tratan de competir coas grandes multinacionais. A iniciativa foi descrita polo miúdo polas súas tres creadoras, Noelia, Carmen e Keina, que estiveron acompañadas polo presidente da Fundación CEL, Luis García Santalla, e o da Federación Galega de Turismo Rural, Manuel Vicente.

Precisamente foi no seo da dita fundación onde a empresa deu os seus primeiros pasos, en xaneiro de 2010, cando xa comezou a coller corpo a idea de pór en marcha o que, en palabras destas tres mozas emprendedoras e viaxeiras, é "o primeiro portal de venda de escapadas, vacacións e todo tipo de experiencias de lecer especializado na comunidade galega".

Por certo que amais de viaxeiras, as creadoras desta web son, tamén, usuarias asiduas das novas redes e canles tecnolóxicas, recursos onde detectaron dende hai tempo un potencial de actividade, divulgación e comunicación a ter en conta, como tamén ten un gran potencial, comentaron, a nosa terra no ámbito do turismo de lecer, "até o de agora unha descoñecida". Xuntar estes dous mundos é pois o alicerce da súa proposta.

En opinión das tres mozas, "as propostas que existían en Galicia neste ámbito estaban espalladas e pouco integradas", ao tempo que se multiplicaban os atrancos para localizar un produto de calidade na rede. Deste xeito, sinalaron, decatáronse de que había un mercado por explotar neste sector, e unha clara oportunidade negocio.

Polo que respecta ao portal en si mesmo, dicir que non estamos unicamente perante unha web de venda en liña de viaxes e experiencias. A idea, tamén, era a de pór ao alcance da comunidade internauta de todo o mundo unha "fiestra dende a que ver Galicia, os seus recantos exquisitos, a súa gastronomía, o seu patrimonio histórico e natural, a súa maxia". Polo tanto, amais dos convites específicos de itinerarios, excursións e demais, o portal fornécenos de datos de interese turístico sobre toda a nosa terra, cubrindo tódalas frontes que sexan do noso interese, dende que ver e que visitar até onde durmir e comer.

A proposta, como dixemos, non é nova. De feito, a web xa leva algún tempo dando pasos na Rede, a diferenza está en que agora colle corpo como unha iniciativa real de actividade produtiva e con capacidade de convocatoria. Ao longo de mes e medio de campaña activa na Rede, comentaron as responsábeis da súa posta en marcha, a web recibiu máis de 16.000 visitas, procedentes de toda España. Ao abeiro do portal, víronse neste tempo máis de 62.000 páxinas, o que quere dicir que o usuario do portal interésase polos seus contidos, "pois navega unha media de catro minutos polo mesmo". Asemade, ten máis de 1.500 seareiros en Facebook.

Respecto á presentación en si mesma, lembrar que se desenvolveu no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, e contou coas achegas de Manuel Vicente, presidente da Federación Galega de Turismo Rural (FEGATUR), que falou sobre a situación do sector turístico galego, enumerando as "enormes potencialidades da Comunidade, en especial nestes tempos de crise, nos que se está detectando unha menor saída ao exterior do viaxeiro español que se queda no país". Na súa opinión, este que vivimos é un intre que cómpre aproveitar, así como vén, xa que o feito de que se teñan reducido as viaxes alén das nosas fronteiras, emprázanos ante unha moi boa oportunidade de crear produto. Neste senso, engadiu, Sientegalicia.com é un elo da cadea que faltaba, pois hai moi pouca oferta nacional sobre Galicia. A proposta, engadiu, axudaralle ao resto do sector a mellora.

No acto tamén participou o presidente da Fundación CEL, Luis García Santalla, quen tamén fixo fincapé no potencial de futuro do portal, ao achegar unha oferta de índole especializada centrada nas expectativas e formas de comunicación actuais e que olla sempre na dirección da calidade.

JUAN PABLO VILLA CASAL

"O deporte ensinoume a saber perder e gañar no ámbito empresarial"

Falamos con Juan Pablo Villa Casal, responsable de Talent Enterprise e relator no Foro GTSport de Pontevedra

O empresario e deportista asturiano Juan Pablo Villa Casal, responsábel de Talent Enterprise, estará o 24 de novembro en Pontevedra para falar con todo luxo de detalles das moitas cousas de valor que o eido profesional pode aproveitar da práctica deportiva, recursos que unidos a outros métodos e certas tecnoloxías novas, poden facer que a nosa organización sexa máis competitiva e innovadora. Este de fomentar a produtividade e o bo facer empresarial pola vía do adestramento tamén será o obxectivo do Foro GTSport, o evento que nos traerá á nosa terra a Villa Casal e a unha manchea de expertos niso que se vén chamando coaching e que explicamos de contado nesta entrevista. Nela, Juan Pablo avánzanos unha parte do miolo do seu relatorio no foro, un congreso que se vai desenvolver entre o 23 e o 26 de novembro e que vén da man da Secretaría Xeral para o Deporte, Deporte Galego, o Concello de Pontevedra, o Campus (Universidade de Vigo) e a Deputación de Pontevedra.

Máis datos en forumgtsport.com e máis en talent-enterprise.com

-Sabemos que estarás en breve en Pontevedra, o xoves 24 de novembro, para participar nun deses eventos que, segundo o vemos nós, colle o mellor de varios mundos. Neste caso, o mellor do deportivo e do empresarial, dúas cuestións que a prior non teñen moito que ver pero que seguro que ti ves máis relacionadas do que parece a primeira vista, non é así?

-En efecto, algunhas competencias, habilidades e valores do mundo deportivo son esixidas ou necesarias no eido dos negocios e viceversa, por exemplo na orientación aos resultados, que é fixarse metas e obxectivos e encamiñarse cara a súa consecución, unha competencia que é precisa para ámbalas áreas, tanto a deportiva como a relativa aos negocios. Tamén se pode ver isto coa resistencia ao estrés. No mundo da empresa hai moita presión, non só por acadar resultados, senón, dada a actual situación de crise, por sobrevivir á mesma, na competición deportiva tamén hai presión. A ambición é un elemento compartido, tamén. Un deportista debe ambicionar o éxito, ao igual que o profesional, que debe ter unha ambición san. O mesmo podemos dicir da autoconfianza, un elemento fundamental en ámbolos eidos, necesario para enfrontármonos cada día aos problemas, ou do traballo en equipo, sendo a nosa capacidade para adaptármonos a el un dos elementos mellor valorados polas empresas. O espírito de sacrificio, que fortalece a nosa predisposición para resistir e asimilar as contrariades, é outro elo fundamental da cadea, o mesmo que a determinación, o espírito de superación no deporte que se traduce en mellora continua na empresa, autodisciplina, capacidade para sermos líderes e máis respecto ás normas, ás regras do xogo no deporte, respecto ás leis e ética nos negocios. Todas estas son habilidades necesarias para ter éxito nos dous ámbitos. Tamén quero destacar que o deportista debe estar decote adestrando, e un empresario ou profesional permanentemente reciclándose e formándose, que é outra forma de adestramento.

-Que es máis, deportistas ou empresario?

-Máis empresario, aínda que con espírito de deportista, vexo o éxito e o fracaso coma dúas faces da mesma moeda, o deporte ensinoume a saber perder e a saber gañar.

-Terías sido empresario de non ser antes deportista?

-Si, pero o deporte axudoume, porque para algunhas das competencias e habilidades que se esixen para ser empresario xa ves preparado previamente pola práctica deportiva.

-De que nos falarás en Pontevedra? Que nos perderemos se non estamos alí, no Edificio Administrativo da Xunta de Campolongo, sede del Forum GTSport?

-A miña conferencia versará sobre as características que son comúns a un directivo e a un deportista. Tense empregado moito esta semellanza, e aínda que é certo que hai puntos en común, tamén é verdade que hai diferenzas salientábeis. Tamén tentarei amosarlle ao público algunhas ferramentas de desenvolvemento de competencias do mundo empresarial e que poden ser extrapolábeis aos deportes, como o coaching e as avaliacións de 360 graos.

-A que se dedica Talent Enterprise, a empresa da que es responsábel?

-En Talent Entreprise dedicámonos a axudar aos nosos clientes na xestión do seu capital humano para que a organización sexa máis competitiva e innovadora. No século no que vivimos, aínda que empreguemos tecnoloxías que nos axudan no traballo, as persoas son a clave do éxito en calquera empresa ou organización.

-Fálase moito do coaching individual e de equipo, un termo co que moitos aínda non estamos moi familiarizados e que, imaxinamos, é a aplicación no ámbito empresarial do adestramento deportivo. Para entendérmonos e para nos entendan tamén os lectores, en que consiste este tipo de coaching?

-Como indicamos no noso libro Manual de Coaching, isto consiste en axudar aos demais a seren mellores profesionais e mellores persoas, ámbalas dúas cousas van moi interrelacionadas. Os bos profesionais e os líderes poucas veces nacen, xeralmente van facéndose e a formación clásica, aínda que necesaria e importante, non abonda. Non só é preciso desenvolver coñecementos, senón tamén adestrar habilidades, competencias e educarse en novos valores, crenzas e emocións. Ao final, as competencias e máis as habilidades son sempre adestrábeis ao longo de toda a vida dunha persoa. Definir isto do coaching é sinxelo, procede do termo inglés "to coach", que significa adestrar. Este termo xurdiu hai 20 anos en Estados Unidos, imitando aos grandes responsábeis dos equipos deportivos. En concreto, foi Ken Blanchard, o pai do liderado situacional, quen tentou aplicar os seus métodos ao mundo empresarial a comezos dos noventa, avaliando a experiencia de un dos adestradores deportivos de meirande sona: Don Sula, coach do equipo da liga de fútbol americano os Dolphins de Miami, que dirixiu durante 22 anos, levándoos ás finais, a famosa Super Bowl, durante cinco tempadas. No funcionamento dos equipos e dos atletas nas grandes competicións, requírese o desenvolvemento de competencias como a autoestima, o control emocional, o traballo en equipo e, tamén, valores, convicción e ferramentas específicas que explican, finalmente, o éxito destes equipos. O coaching non só se aplica en deportes individuais ou de equipo, senón que tamén permite propoñer a universabilidade do sistema a outros contornos onde existe a necesidade de acadar resultados fronte a outros competidores.

A nosa terra, país global

Informamos unha vez máis das múltiples faces nas que se materializa nas redes a cultura galega

A AGE crea unha plataforma en liña de e-books

A día de hoxe, malia que moitas persoas insistan o contrario, falar de libros electrónicos xa non é falar de futuro, nin falar dunha tecnoloxía á medida duns poucos privilexiados; é falar de presente, dun *presente* con maiúsculas que xa é habitual nos nosos fogares.

E é que, aínda que se poden mellorar (coma todo), os libros electrónicos comezan a comerlle terreo a pasos axigantados aos libros tradicionais e cada vez están máis demandados por persoas de tódalas idades.

E como mostra un botón: sen movernos do noso país, a Asociación Galega de Editores, sabedora de que é preciso apostar pola innovación para seguir achegando cultura a tódolos recunchos do mundo, está a ultimar a posta en marcha dunha plataforma para a venda de libros electrónicos galegos, que leva por nome *Elibro-galego*.

Trátase dunha plataforma en liña que "podería comezar a funcionar nos primeiros días do vindeiro mes de novembro", e que dará acollida a tódalas editoras asociadas para vender tanto obras de creación como libros de texto dende a Rede.

A vicepresidenta da AGE, Belén López, afirma para o xornal electrónico que o catálogo dixital da plataforma vai acoller, en principio, "tódalas obras de carácter electrónico que xa teñen as editoras galegas neste momento", que roldan os cen títulos, e engade que "se renovará a un ritmo de sesenta títulos por ano".

A plataforma de venda, a fin de que os libros que se descarguen sexan compatibles con calquera lector, incluirá tódolos formatos de libro electrónico que hai no mercado, e contará cun sistema de protección de dereitos de autor de seu, realizado pola empresa galega Enxenio, xerada na Universidade da Coruña.

Asemade, os seus responsables non descartan que a plataforma acolla no futuro outros produtos culturais electrónicos, e que se incorporen (ao actual de tarxeta) outros medios de pago máis acordes co medio, como o PayPal.

Malia que Belén López apunta que de entrada "está asumido que o proxecto non será rendible", o certo é que os cálculos apuntan que "ao terceiro ano de funcionamento poidamos ver algún tipo de rendemento", sinala.

Zoopolitk.com: dándolle forma ao gran libro participativo do 15-M

A editora galega Axóuxere e máis a Universidade Invisíbel veñen de pór en marcha unha plataforma en liña para darlle azos e acubillo ao debate sobre o 15-M e as súas implicacións e consecuencias. A plataforma Zoopolitik.com, definida polos seus responsábeis como un espazo aberto de experimentación ensaística, preséntase como unha maneira de tirar o máximo proveito posíbel do potencial das redes e ferramentas 2.0 como formas de acadar o que até o agora custaba máis medios e máis esforzos e sen que se obtiveran os froitos desexados: convocar e concienciar. En definitiva, o que se pretende é que o dito movemento teña continuidade, desta volta con feitura de ensaio colectivo.

O libro que resulte destas fórmulas abertas e colaborativas, informan, irá amosándose paseniño. De feito, aparecerá de maneira progresiva en epígrafes e máis en capítulos, "ofrecidos como punto de partida aos cibernautas e co obxectivo de propiciar debates e recombinacións das ideas e dos seus contidos".

Zoopolitik.com terá carácter interdisciplinar. Os textos iniciais foron redactados por catro membros da Universidade Invisíbel: os antropólogos Antón Fernández de Rota e Carlos Diz, o sociólogo Martín Cebreiro e o filósofo e *blogger* Rosendo González, todos especializados no estudo da cultura política e os novos movementos sociais.

A libraría dixital da USC superou os sesenta títulos

Semella que a andaina da Universidade de Santiago na achega de coñecemento pola vía electrónica non foi, nin será, unha andaina de máis a menos. Máis ben o contrario: neste intre, o Espazo Ebook, a libraría dixital da USC (vía www.usc.es), xa superou a liña dos sesenta títulos, e todo isto en apenas medio ano de funcionamento. A estratexia de dixitalización da entidade académica galega, que leva xa un tempo materializándose tamén na plataforma Todoebook que xestiona Publidisa, vén de recibir os pasados días a achega de nove novos títulos, todos eles da man do Servizo de Publicación da USC e xirando arredor dunha gran variedade temática: literatura, ciencia, filosofía, lingüística.

A engadir a estes e outros títulos da colección, todos eles dispoñíbeis xa para a súa descarga dende calquera lugar do mundo, infórmase de que temos ao alcance da man a posibilidade de baixar, de balde, outros títulos e formato electrónico, precisamente na sección de descarga gratuíta.

O espallamento dixital das publicacións da USC, engádese, aumenta tamén coa achega das novidades a plataformas internacionais de distribución de contidos dixitais como Casalini, Unebook, Meubook , E-libro.net e Google Books. Por certo que co obxectivo de afondar nas implicacións deste proceso, atendendo a cuestións como a propiedade intelectual, o director do Servizo de Publi-

cacións Juan L. Blanco Valdés participará o vindeiro día 17 na mesa redonda Edición dixital: novos soportes, novos formatos, que se vai celebrar en Almería na XXX Asemblea da UNE.

Documental sobre a emigración galega 2.0

GalegoLab infórmanos dun novo proxecto materializado no seu seo, a través do apoio dos internautas, e que suporía un novo punto de vista sobre a realidade da nosa emigración e de como agora esta, coa concorrencia das novas tecnoloxías, establece novos vínculos de comunicación, participación e interacción coa terra nai e, dende ela, co mundo. A iniciativa en cuestión non é outra cousa que un proxecto para unha peza audiovisual, un documental sobre a diáspora galega, todo baixo un óptica 2.0 ou, o que é mesmo, atendendo ao potencial das novas redes como elemento de contacto e comunicación coas galegas e galegos que están fóra do país, facendo país.

Segundo informa GalegoLab, ao igual que nas iniciativas precedentes que abrollaron do seu seo, precísanse voluntarios para dar forma ao proxecto. En concreto, son necesarias sete persoas que busquen galegos que residan fóra e dúas persoas máis para participar na realización gráfica e na edición do proxecto. Este, tematicamente, parte da seguinte realidade: a nosa terra é un país global. Tendo en conta iso, e tendo en conta o moito que temos achegado, demográfica e culturalmente, ao mundo, se cadra é máis preciso que nunca que tratemos de recoñecérmonos a nós mesmos nesa realidade, dos que marchando lonxe quixeron manter a lingua galega para a comunicación.



O traballo, como dixemos, fará especial fincapé nos emigrantes que, ademais de seren galegos que viven fóra, son tamén internautas e usuarios das redes sociais. "Conectados ás redes a tempo completo teñen unha relación máis estreita con Galiza grazas ás tecnoloxías da información e da comunicación", infórmase dende GalegoLab, dende onde se describe "unha cidadanía máis informada e, xa que logo, máis crítica".

Cilenis presenta unha ferramenta para conxugar os verbos galegos

Falar galego é algo que resulta doado para as persoas que amamos esta lingua e que a sentimos e a falamos co corazón como nos ensinaron os nosos antergos; porén, mesmo aqueles que mamamos esta lingua dende o ventre da nosa nai cometemos erros ao escribir e ao comunicarnos formalmente con ela, e a maior parte deses erros proveñen dos fallos ortográficos e da mala conxugación das formas verbais. E se nos costa traballo conxugar os verbos coñecidos, que non faremos cos verbos que aínda non recollen os dicionarios como o recente *tuitear*? Pois a solución a isto, como din os seus creadores, "está na Rede", onde atopa acubillo o CilenisConxugador (conxungador.cilenis.com) unha ferramenta en liña para conxugar automaticamente os verbos en galego.

A plataforma chega ós nosos equipos da man da empresa galega Cilenis, creada no seo da USC para ofrecer solucións innovadoras nos ámbitos do procesamento da linguaxe natural e a enxeñaría lingüística, que a ofrece de balde.

Segundo afirman, o CilenisConxugador "é a aplicación máis completa, fiable e versátil existente para conxugar de maneira automática calquera verbo en lingua galega" que permite conxugar os verbos que forman parte do Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLG) e tamén calquera outro verbo que se nos ocorra, ben sexan neoloxismos, tecnicismos, localismos, verbos dunha xerga ou mesmo inventados.

O *conxugador* está baseado no sistema de código aberto *conshuga*, desenvolvido na Universidade de Santiago de Compostela polo grupo de grupo de investigación ProLNat@GE (Grupo para o Procesamento da Linguaxe Natural), do que procede o equipo de traballo de Cilenis. O resultado é, tal como din, "unha ferramenta con importantes aplicacións no ámbito da educación, a comunicación e a empresa". Asemade, dados os lazos de unión que o galego ten co portugués, este equipo de desenvolvedores non podía deixar de facer a versión de seu para a lingua currmá, e conxuntamente coa versión galega, Cilenis desenvolveu un conxugador verbal en portugués, dispoñible xa para os máis de 240 millóns de falantes desta lingua no mundo.

A empresa galega sitúase así "en primeira liña na creación de ferramentas lingüísticas on line no ámbito lusófono cunha ferramenta que mellora as existentes ata agora", afirman.

O CilenisConjugador permite consultar verbos nas catro variantes do portugués: portugués europeo e portugués brasileiro, en cada caso antes e despois do acordo ortográfico. Tamén neste caso é posible optar por conxugar infinitivos presentes nos léxicos portugueses e brasileiros ou facelo con calquera verbo, mesmo inventado.

Esta empresa, que por certo levou o primeiro premio no *XI Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores da USC*, celebrado este ano, traballa agora en novas aplicacións, como o buscador CilenisSearch, a partir do cal desenvolve buscadores personalizados segundo as necesidades dos clientes, par conseguir unha alta calidade dos resultados.

Na Rede as cantigas medievais galego-portuguesas

Imaxe da web na Rede

Vémolo vía Chuza!: as cantigas medievais galego-portuguesas xa están en formato en liña, o que significa entre outras cousas que están a disposición de todo aquel que queira velas, lelas e afondar neste mundo das raizames pasadas, comúns en ámbalas beiras do Miño, do noso presente. Máis polo miúdo e segundo informan na páxina web Cantigas Medievais Galego-Portuguesas (cantigas.fcsh.unl.pt), estamos ante unha base de datos centrada en achegar, a investigadores e público en xeral, a totalidade deste patrimonio literario presente nos nosos cancioneiros comúns, cousa que se complementa coas imaxes dos manuscritos e mesmo coa música.

A base de datos tamén incorpora información sobre os autores que se inclúen e, tamén, sobre as persoas ás que se alude, directamente ou non, nas cantigas.

A web é especialmente axeitada para un estudo afondo deste rico legado medieval, xa que dá acceso a un "um conjunto de informações destinadas a facilitar quer a sua leitura, quer o seu enquadramento histórico (glossário, notas explicativas de versos, toponímia, antroponímia, notas gerais)", informan os responsábeis do proxecto, dende o que tamén se lle empresta especial atención aos aspectos formais de cada texto.

A páxina é froito da iniciativa Littera, edição, atualização e preservação do património literário medieval português, financiada polo Instituto de Estudos Medievais da Faculdade de Ciências Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa.

Froitos do no

Como cada mes, o noso tecido TIC confírmase

A plataforma galega Wecoop presentouse no mercado 3D Wire

O audiovisual galego busca o sitio no mundo e dase a casualidade de que non só non se descartan as novas redes e tecnoloxías para acadar meirande distribución, promoción e comercialización, senón que se aposta de cheo por elas. Ou sexa, tirando partido da forma externa e tamén do xeito de traballar que algunhas plataformas e comunidades sociais propoñen: o traballo en común, cooperativo e rendíbel. Nesta liña vai Wecoop (wecoop.tv), proposta galega que xorde para favorecer a metodoloxía do crowdsourcing entre os creadores, produtores, distribuidores e (tamén) espectadores. Ou sexa, que xorde para fomentar a cultura do traballo colectivo neste sector. Pois ben, segundo puidemos saber, Wecoop foi presentada polo miúdo o pasado mes de outubro en Segovia, no marco do mercado 3D Wire (especializado en animación e videoxogos), onde participou activamente o produtor Pancho Casal, responsábel da iniciativa.

Segundo fixo saber, Wecoop é unha ferramenta participativa que nace para achegar solucións a unha industria audiovisual en pleno proceso de transformación e á que cada vez lle custa máis facer fronte aos actuais custos de produción. Por certo que o neoloxismo de crowdsourcing vén de crowd ("multitude") e sourcing ("materia prima"), e indica un avance ou evolución do outsourcing cara á sociedade e economía creativa. O crowdsourcing, indicou, opera deste xeito: "As empresas propoñen un tema ou problema a resolver e recompensan a persoas anónimas como científicos de garaxe, estudantes, traballadores independentes ou curiosos que dan solución a devandito dilema". Polo tanto, a filosofía de cooperación que potencian as novas redes, sería a base sobre a que se apoia esta comunidade de traballo, un foro-obradoiro onde se dean cita profesionais de todo o mundo, nun principio do ámbito iberoamericano, ofrecendo deste xeito "un ecosistema para a xeración e desenvolvemento de proxectos xunto á captación de talento global", engade Pancho Casal. Resumindo, a idea é fomentar a creación de contidos globais cunha calidade e orixinalidade moito maiores e, por outra banda, con custos máis reducidos. Wecoop, como dixemos, está dirixido a produtoras e profesionais independentes e usuarios/seareiros do sector audiovisual. Haberá diferentes tipos de participación e distintas formas de asociarse a unha plataforma na que a cooperación será a base para desenvolver, producir e comercializar contidos audiovisuais.

A galega Dos Espacios amosará os segredos do correo electrónico en FICOD

O foro FICOD (ficod.es), probablemente a máis importante xuntanza estatal en materia de contidos dixitais, vai contar este ano con presenza galega. Para comezar (na nosa web, codigocero.com, iremos dando máis datos), dará acubillo ás novas estratexias e solucións da empresa Dos Espacios Internet Consulting (dosespacios.com), con sede en Vilargacía de Arousa e presente en Madrid, na quinta edición do FICOD, para abordar tódolos aspectos de interese para profesionais e empresas relacionados coa técnica do comercio electrónico (compra, venda e servizos). Dos Espacios participará no evento baixo un epígrafe que fala por si só dos seus obxectivos e calado, Yo también quiero vender por Internet.

O seu obradoiro, presentado deste xeito, desenvolverase o día 24 de novembro de 17.00 a 17.45 horas, sendo o comercio electrónico, como dixemos, o seu eixe temático fundamental, un eixe que se abordará dende un extremo a outro: dende a introdución de produtos para comercializar en liña até a elección da loxística e o marketing dixital.

A feira FICOD, como dixemos recentemente nesta web, presenta este ano un programa do máis interesante, alén da salientábel participación da devandita empresa arousá. De feito, o programa contará, entre outros, con Tim O´Reilly, o creador do concepto web 2.0, para a inauguración desta quinta edición do foro, que dará comezo o vindeiro 22 de novembro.

O programa de FICOD deste ano configúrase arredor de 6 sesións plenarias, 18 seminarios, 10 mesas redondas e 120 obradoiros, que se desenvolverán ao longo dos días 22, 23 e 24 de novembro no Palacio Municipal de Congresos de Madrid. Outro dos protagonistas desta edición de FICOD, tamén con recoñecemento internacional, é Gary Vaynerchuk, emprendedor de éxito e creador da web Wine Library, que mostrará aos asistentes as claves do éxito no entorno empresarial a partir das relacións virtuais.

O portal Twin Shoes preséntase en Compostela

Santiago converteuse recentemente na palestra para presentar, a nivel xeral, un dos proxectos galardoados na pasada edición dos Premios INNOVA-G de AGESTIC. Falamos de Twin Shoes (www.twinshoes.es), portal galego para a busca de amizade e parella estable que se deu a coñecer finalmente no Bar Deluxe de Compostela, nunha multitudinaria festa desenvolvida baixo un lema que fala por si só, da festa e máis da web: Enlázate al amor. A web, que xorde coa intención de axudar ás persoas ceibes a atopar compañeiro/a, vén da man de Itziar Villar, promotora e directora dun proxecto, Twin Shoes, que precisou "de máis de dous anos de duro traballo e esforzo".

Así o fixo saber no transcurso da presentación da iniciativa, perante máis de dous centenares de asistentes, aos que puxo ao tanto, tamén, das principais novidades que pon en xogo este portal, "o primeiro dos creados en España integramente con capital galego". Ao seu xuízo, a web é unha nova opción de crear

oso traballo

e como un fervedoiro de recursos innovadores

oportunidades para atopar "o zapato xemelgo co que compartir o camiño da vida".

Entre outras cousas, explicou que Twin Shoes inclúe un test de afinidade personalizábel, baseado en valores en proxectos vitais, que ten o obxectivo de axudar a crearmos, na web, a nosa propia porcentaxe de afinidade. Isto vén a conto porque estes gustos e tendencias en común son puntos clave para lograr que unha parella se manteña no tempo, de xeito feliz e enriquecedor, subliñou Itziar. "Grazas a esta porcentaxe, o buscador recomendará o perfil máis compatible para o usuario, aumentando deste xeito a probabilidade de éxito; ademais, os usuarios premium terán ao seu alcance a plataforma de atención ao cliente dirixida por psicólogos e máis un servizo de organización de citas", engadiu.

A Universitat de Girona logra un recoñecemento da man de Ozona

A Universitat de Girona vén de conseguir un importante recoñecemento ao seu labor, o primeiro destas características que recibe unha institución, organización ou empresa do territorio estatal. Estamos a falar da certificación ISO 20000:2011, un aval que asegura a calidade dos seus servizos, cubrindo as seguintes liñas e ámbitos: housing virtual, correo e axenda, secretaría en rede e UdG-Moodle (campus virtual), recursos prestados á comunidade universitaria. A cuestión adquire aínda máis relevancia, tendo en conta un dos grandes obxectivos da web Código Cero, salientar a innovación da nosa terra, se temos en conta que o devandito logro foi posíbel grazas aos servizos da empresa galega Ozona.

Segundo informa a compañía con sede na Costa de San Marcos, Santiago, o proxecto deu comezo o pasado mes de marzo e rematou en outubro coa certificación levada a cabo pola entidade británica BSI, que deu conformidade a tódolos puntos do informe de auditoría no sistema de xestión de servizos da Universitat de Girona. Grazas a este aval, a institución académica catalá non só amosa a calidade dos seus servizos, senón que os garante.

Classora estrea unha aplicación financeira para móbiles

A base galega de coñecemento Classora, no seu esforzo para espallar os seus contidos máis aló da súa páxina web, estreou nos últimos meses aplicación para Facebook e incluso unha atractiva aplicación para móbiles que achega clasificacións deportivas moi completas, e recentemento anunciaron avances na mesma liña, xa que nos últimos días estrearon a aplicación móbil Classora Finance, dispoñible para iPhone/iPod Touch e Android, e que permite explorar datos bolsistas históricos, en forma de rankings de empresas, para os índices IBEX-35, NASDAQ e Dow-Jones.

Classora Finance tamén incorpora listaxes de países ordenados por diferentes indicadores economico-financeiros (renta per cápita, PIB, taxa de paro...) e pode considerarse coma un clon de Classora Sports, trasladando a ferramenta ao mundo financeiro.

Os datos que achega Classora Finance das empresas que cotizan no IBEX-35, Dow Jones, NASDAQ-100 e NASDAQ Composite son o número mensual de operacións de compra-venda de accións, o prezo por acción a final de mes e a revalorización das accións mes a mes, mentres que tamén facilita a consulta de informes como:

- Renta per cápita e PIB de países segundo o Banco Mundial
- PIB das comunidades autónomas
- Renta per cápita e PIB dos estados de EE.UU.
- Taxa de paro en todas as comunidades autónomas de España, nos países da UE, EE.UU. e Xapón.

Imatia presenta en Madrid e Vigo o seu novo motor de lóxica de negocio

A compañía galega Imatia Innovation, con sede no Porriño, presentou recentemente en Madrid o seu novo motor de lóxica de negocio: Ontimize Logic. O acto, no que se fixo un percorrido pola capacidade desta tecnoloxía no desenvolvemento eficaz e rendíbel de sistemas de información, non foi a única cita na que se deu a coñecer este servizo, xa que tamén se levou a cabo unha presentación semellante en Vigo, no marco de GaliciaTIC 2011. Na xuntanza de Madrid fixo acto de presenza Fernando Vázquez, responsábel e fundador da empresa galega, e Val Hubert, presidente de Automated Business, referente na automatización e desenvolvemento de motores de regras de negocio dos sistemas de xestión baseados en Java.

Como dixemos, Ontimize é unha tecnoloxía para o deseño e posta en marcha, inmediato, de sistemas de información. Durante o seu desenvolvemento, informa a empresa galega, púxose un especial esforzo en conseguir, a través deste recurso, que o labor dos programadores sexa o máis doado posíbel, cousa que tamén beneficiaría aos usuarios últimos dos produtos resultantes. "O motor Logic", engade Imatia, "é un novo paso nesta dirección de facelo todo máis doado e rápido, xa que o 90% da lóxica de negocio definida con ferramentas tradicionais pode ser eliminada e substituída con regras, co que se incrementa a transparencia e a produtividade nun menor tempo de desenvolvemento".

Ollada múltiple á vida 2.0

O Foro Unirede achegouse en Santiago ás distintas faces do Social Media

A Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela acolleu en outubro o I Foro Galego da Web 2.0 Unirede, un evento que buscaba servizo de espazo de intercambio para amosar á sociedade o logros da web social en Galicia e difundir as vantaxes e posibilidades de aproveitar as plataformas de redes sociais dende os distintos sectores económicos, para o que contouse cun amplo abano de relatores que abordaron os temas a tratar con perspectivas diversas.

A mañá comezou cunha *master class* impartida por Fátima Martínez López sobre estratexias de Social Media dentro e fóra da Rede, que foi seguida pola intervención mellora valorada polos asistentes de toda a xornada, na que o blogueiro David Serantes fixo un interesante e entretido achegamento ás redes sociais no móbil.

Completaron a mañá un par de relatorios impartidos por Juan José Romero e José Luis del Campo que no primeiro caso incidiu na necesidade de fixar uns obxectivos á hora de planificar unha estratexia en Social Media, mentres que na seguinte exposición analizouse a situación das distintas plataformas sociais dende distintos puntos de vista para contribuír ao seu aproveitamento dende a empresa.

A tarde do evento optou por un formato totalmente distinto, alternado breves intervencións sucesivas de distintas empresas e iniciativas que daban a coñecer os seus avances e iniciativas nas redes sociais con sesións en paralelo que segmentaban á audiencia segundo os seus intereses.

Entre os proxectos presentado no *Bussines Meeting Point* inicial destacou Sabores Galegos, unha tenda en liña que amosouse en primicia, pois foi posta en marcha de xeito oficial días máis tarde (e reflectida na nosa web codigocero.com), mostráronse tamén proxectos como a plataforma de formadores Wekab, a empresa de marca persoal Verbung, a Asociación de Profesionais do Turismo de Galicia (Proturga) e a empresa Imos Nós. Tras estas exposicións, o público repartiuse en obradoiros que abordaban o uso da plataforma Meubook, a educación creativa e a experiencia de Loroestudio na integración no Clúster Audiovisual Galego do que xa temos falado.

Reagrupados os asistentes ao Foro Unirede, distintos casos de éxito na web social en Galicia xuntáronse nun plenario no que púidose coñecer o que facían dende Redelibros, Enxeñería Sen Fronteiras e a Biblioteca Universitaria da USC, á vez que os responsables de Rodeiramar 2A, un complexo de hostal e apartamentos turísticos na praia de Rodeira nas Rías Baixas, cativou á audiencia ao explicar o uso que fixeron da Internet para potenciar o seu negocio, no que moitos consideraron como un exemplo a seguir.

Tamén resultou rechamante a intervención de Roberto Pérez Marijuán, da Visual Publinet, que en vez de limitarse a falar da súa empresa, preferiu agasallar aos asistentes cunha interesante reflexión sobre LinkedIn e o xeito no que as persoas están a utilizar tal plataforma, como aperitivo dun informe que está a desenvolver actualmente.

O Foro Unirede rematou con 3 obradoiros temáticos simultáneos, que trataron do turismo e a gastronomía, a industria cultural e a comunicación e a tecnoloxía. Este último contou coa participación de Código Cero e outros medios como El Correo Gallego, Onda Cero e Santiago 7, servindo para facer unha reflexión sobre a repercusión que están a ter o novo xeito de consumir contidos por mor das plataformas de redes sociais, e os retos que deberán superar as empresas de comunicación para adaptarse á cambiante conxuntura actual. Tamén participou no debate Roberto Pérez Marijuán, quen intentou provocar aos asistentes argumentando que as redes sociais están a afectar á produtividade laboral de xeito negativo, e son vista dende empresas e políticos como algo que vai na súa contra, por rachar cos esquemas establecidos e con numerosos modelos de negocio baseados no control da información.

Xa para rematar o evento, os asistentes puideron realizar unha avaliación da xornada cun orixinal sistema de enquisas da compañía PowerVote, que a través de mandos a distancia permitía valorar os contidos do evento e destacar intereses para posibles celebracións futuras.

TREBELLOS TECNOLÓXICOS

Publican as especificacións do Asus Eee Pad Transformer Prime

Hai 3 semanas Jonney Shih, director xeral de Asustek, amosou ao público o novo tablet da súa compañía, o Transformer Prime, que debería de ver a luz esta mesma semana, e que finalmente adía o seu lanzamento ao mes de decembro, chegando a tempo para o Nadal. Pero o que si avanzaron son as súas prestacións, quedando claro que estamos ante o tablet máis potente do mercado, xa que estrea a tecnoloxía nVIDIA Tegra 3, que co seu procesador de catro núcleos permitirá aplicacións máis rápidas, xogos máis inmersivos, vídeo en alta definición e un consumo máis reducido.

O Asus Eee Pad Transformer Prime terá un grosor de só 8,3 milímetros, un peso de 586 gramos, un teclado físico QWERTY externo (co que consegue unha autonomía de ata 18 horas, xa que integra unha batería secundaria), pantalla IPS de 10,1 polgadas cunha resolución de 1.280 x 800 píxeles e recubrimento Gorilla Glass, sistema operativo Android 3.2 actualizable en breve a Android 4.0, 1 Gb de RAM, 32/64 Gb de almacenamento interno, Wi-Fi N, Bluetooth 2.1, cámaras de 1,2 e 8 Mpíxeles (esta última con flash), micro HDMI, lector de tarxetas microSDHC, micrófono, altofalantes estéreo, GPS, compás dixital, xiroscopio e unha autonomía (sen teclado) de ata 12 horas.

Temos así un dispositivo que se situaría á cabeza de todos os tablets do mercado, e incluso tendería unha ponte aos ordenadores portátiles (cando se lle conecta o teclado conta con lector de tarxetas SD e 1 porto USB 2.0 e tamén incluirá aplicacións coma o Polaris Office para facilitar o seu uso para editar documentos de Word, Excel e PowerPoint), sen disparar o seu prezo, xa que o modelo con 32 Gb de almacenamento custará 499 dólares (599 dólares no caso de contar con 64 Gb de capacidade) aos que habería que engadir 149 dólares de adquirirse co teclado externo.

NetGenie, un router que permite controlar o acceso a contidos e servizos

Para controlar o acceso á Internet dende o fogar ou na pequena empresa chega o NetGenie, un *router* sen fíos que serve para dar acceso á Rede tanto a través de Wi-Fi como dos seus 4 portos Fast Ethernet, pasando por unha serie de filtros que facilitan o establecemento de limitacións que serven, por exemplo, para afastar aos cativos de contidos nocivos e outras ameazas (xa que integra anti-virus e devasa). O acceso á Rede deste *router* pode achegarse tanto a través dun porto RJ-45 (Fast Ethernet) como conectándolle por USB un modem 3G.

A principal vantaxe do NetGenie está no feito de que pode configurarse vía web sen precisar de grandes coñecementos técnicos para establecer limitacións de acceso por usuario, por día da semana ou incluso por hora, a xogos en liña, mensaxería isntantánea ou outros contidos. Tamén serve para obter informes en tempo real da actividade dos usuarios, as aplicacións utilizadas, os sitios web visitados...

Nun principio o NetGenie chega nunha versión HOME, pensada nun uso doméstico, pero tamén está dispoñible o modelo SOHO, para pequenas empresas, que reforza a súa seguridade mediante encriptación 3DES/AES de 168 bits. O modelo doméstico véndese por 159 euros, mentres que a versión SOHO custa 199 euros.

O StreamHD VE facilita conectar sen fíos o ordenador a un televisor HD

Para facilitar unha cómoda reprodución de contidos audiovisuais dende o ordenador no televisor de alta definición sen uso de cables chega o StreamHD Value Edition, que por 129,99 dólares(91,77 euros) permite enviar un sinal de audio e vídeo en Full HD dende un emisor USB a un receptor que podemos conectar ao televisor por HDMI, o que pode resultar moi práctico para amosar imaxes do portátil no televisor ou incluso para salas de reunións para a realizacións de presentacións, resultando especialmente cómodo por comunicarse sen fíos (a unha distancia de ata 10 metros) e conectarse ao televisor por un único cable.

O StreamHD VE opera como un monitor secundario, de xeito que podemos empregalo tanto clonando a pantalla do ordenador como estendendo o escritorio. Soporta vídeo ata a 1.920 x 1.080 píxeles a 32 bits de cor, audio en estéreo a 16 bits e 48 kHz e é compatible con equipos con Windows XP/Vista/7.



Código QR

Rovio celébrao cun vídeo

ANGRY BIRDS

Supera os 500 millóns de descargas

Marcus Fernández

Nos últimos meses son moitas as novas que temos comentado sobre a franquía Angry Birds, pois este divertido xogo móbil non parou de saltar entre distintas plataformas e estrear tanto novos títulos como actualizacións que ampliaban os seus contidos, e hoxe no evento Slush 2011 que está a ter lugar en Finlandia, Peter Versterbacka de Rovio confirmou que nestes dous anos Angry Birds superou os 500 millóns de descargas, converténdose no xogo de maior crecemento e maior volume de descargas da historia.

Cómpre destacar que hai un par de semanas Andrew Stalbow, director de Rovio para Norteamérica, aproveitou a súa participación no congreso Web 2.0 para anunciar que Angry Birds superara os 400 millóns de descargas, polo que sumar 100 millóns de descargas en tan pouco tempo é todo un logro con especial mérito ao considerar que a compañía detrás do título non precisa investir en publicidade para disparar o uso do seu xogo.

Actualmente están dispoñibles para a súa descarga os xogos Angry Birds, Angry Birds Seasons e Angry Birds Rio, e dous destes títulos actualizáronse con novas fases hai pouco (incluso estreando un novo paxaro en Angry Birds Seasons), de aí que continúen a captar a atención dos millóns de seguidores en todo o mundo.

CALL OF DUTY: MODERN WARFARE 3

Sae á venda en España

Código QR

Trailer de lanzamento do xogo

Tras o éxito de vendas de Call of Duty: Black Ops, moita era a expectación pola chegada de Call of Duty: Modern Warfare 3, título desenvolvido por Infinity Ward e Sledgehammer Games que finalmente está dispoñible nas tendas de videoxogos españolas, e que pretende superar a acollida da súa anterior entrega grazas á súa intensa campaña para un xogador, o novo sistema de xogo Operacións Especiais e uns atractivos modos de xogo en liña (potenciados pola nova rede social Call of Duty Elite, deseñada para que os máis de 30 millóns de seguidores da saga poidan gozala ao máximo).

O lanzamento deste xogo capta este ano máis atencións polo feito de que, especialmente na súa versión para PC, vai contar cun competidor de peso, Battlefield 3, xogo que ofrece unha campaña máis pobre pero un modo de xogo en liña moito máis completo, fuxindo dunha mecánica arcade e optando polo xogo en equipo para acadar o éxito nas distintas misións, o que podería afectar lixeiramente aos resultados deste Modern Warfare 3, aínda que os analistas consideran que a inercia da saga Call of Duty fará que continúe a ter unhas vendas moi fortes nesta campaña de Nadal.

No vindeiro número...

Celebramos

Contigo

o

Aniversario

Non nos perdas de vista!

Repoblar

Rede Pontevedra Banda Larga Rural

Proxecto cofinanciado e liderado pola

Deputación Pontevedra

INTERNET NAS **ZONAS RURAIS** DE PONTEVEDRA

Vivas onde vivas, sempre conectados

1Mb

17€*

*ó mes (IVE non incluído)
(20,06 €/mes con IVE)

Chama, infórmate e contrata no

1630

TELÉFONO GRATUÍTO

www.repoblar.depo.es
www.tngo.es

Servizo **ofrecido por:**

tngo
INTERNET

Proxecto cofinanciado pola
UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"